



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1. E-mail: mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com

36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SESENTA E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e nove de novembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Ángel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D^a. María del Mar Villaverde Rosales, D. Alberto Villaverde Méndez e D. Manuel Domínguez Álvarez; e; asiste en calidade de interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez e como secretaria xeral D^a. Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3598.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 25 DE OUTUBRO DE 2011 E 15 DE NOVEMBRO DE 2011 NÚMERO 464 E 465, RESPECTIVAMENTE.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación das actas realizadas en sesión ordinaria e extraordinaria, os días 464 e 465, respectivamente, e non formulándose ningunha observación ás actas de referencia estas quedan aprobadas por unanimidade.

3599.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: “3588.- RATIFICACIÓN ACORDO NÚMERO 9664 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN REALIZADA O 10 DE OUTUBRO DE 2011, EN RELACIÓN AO APOIO AO SECTOR PESQUEIRO E MARTÍTIMO EN RELACIÓN AO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA; 3589.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDES DE BONIFICACIÓN DE ICIO EXP. 293/2011, DE D. EUGENIO VALLEJO LOBATO E EXP. 304/11, DE D. EMILIO REY BARREIRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse aos interesados; 3590.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN DO PREZO DE PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POLAS PERSOAS USUARIAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra; 3591.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS EXERCICIO 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra; 3592.- TESOURERÍA, AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN NO ORAL DA XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DAS ALTAS NO IVTM.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e Tesourería e remitiuse ao ORAL; 3593.- ESCRITO EN RELACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS POLA XUNTA DE GALICIA NO ENSINO PÚBLICO SUBSCRITO POLAS ANPA ESPEDREGADA, ANPA DE LOURIDO, ANPA DE VIÑAS, ANPA SAN XOÁN, ANPA IES FONTENLA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao representante das ANPAS asinantes do escrito; 3594.-MOCIÓN DO BNG, EN DEFENSA DUN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Educación e Presidencia da Xunta de Galicia; 3595.- MOCIÓN DO BNG, SOBRE OS RECORTES EN SERVIZOS SOCIAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar; 3597.- REALIZAR OS SORTEOS, QUE PROCEDAN, PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS XERAIS DO 20 DE NOVEMBRO DE 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse a notificación dos/as electores/as elixidos/as.”

A Corporación dáse por enterada.

3600.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaría presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3601.- PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS.- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2011 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía á Comisión de Facenda relativa á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas, vixente neste Concello que propón: ”a modificación do texto da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas propoñendo incluír, no artigo 5º relativo a “Base impositiva e cota” un apartado 6º no que se estableza o seguinte feito impositivo coas seguintes cotas:

Artigo 5º apartado 6º:

Declaración municipal de inclusión en situación legal de fóra de ordenación total das edificacións e construcións executadas sen licenza municipal ou sen autorización autonómica previa que se atopaban totalmente rematadas con anterioridade o 1 de xaneiro de 2003:

- Edificacións ou construcións de ata 150m2: 150€
- Edificacións ou construcións de 151 a 500m2: 300€
- Edificacións ou construcións a partir de 501m2: 1.000€ por cada 500m2

Se propón así esta modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas a consideración da Comisión Informativa de Economía e Facenda e posterior aprobación a o Pleno da Corporación.”; tamén dáse conta dos informes da arquitecta municipal de data 14 de novembro de 2011 e da interventora municipal de data 15 de novembro de 2011.

O Sr. Barreiro explica o contido do expediente indicando dando cumprimento á Disposición transitoria terceira “Edificacións sen licenza da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia” trátase de aprobar un protocolo sobre todo de documentación, desde a entrada en vigor da Lei 2/2010 ata o día 14 de novembro presentáronse, no Rexistro do Concello de Poio, cinco solicitudes e estimándose que se prevé que sexan presentadas máis ata o fin do prazo o 20 de abril de 2012.

Con este expediente o que se propón é que se poidan rexistrar este tipo de edificacións.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP, acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. ”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas.

Segundo: Someter a información pública e dispoñer a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, polo prazo de 30 días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3602.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA-DELEGADA DE DEPORTES E FESTEXOS DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2011: “Dáse conta do expediente, da proposta da concelleira delegada de Deportes e Festexos do Concello de Poio á vista da solicitude da

Confraría de pescadores “San Gregorio” relativa a subvención nominativa consignada no Orzamento deste exercicio 2011 por importe de 900 euros para a festa de Raxó que propón o seguinte: ” Modificar a finalidade prevista da subvención nominativa prevista no Orzamento para o exercicio 2011 por importe de 900€ para a Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó e realizar un cambio na finalidade da mesma pasando esta a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apostol en Raxó mantendo o importe da mesma en 900€.” e do informe da interventora municipal de data 16 de novembro de 2011.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP, acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar a finalidade prevista da subvención nominativa prevista no Orzamento para o exercicio 2011 por importe de 900€ para a Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó e realizar un cambio na finalidade da mesma pasando esta a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apóstol en Raxó mantendo o importe da mesma en 900€.

Segunda: Dar conta do expediente ao Departamento de Intervención para os efectos que procedan.

3603.- SOLICITUDE DA EMPRESA CESPA, S.A., CONCESIONARIA DO SERVIZO, DE REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO R.S.U. EXERCICIO 2011.- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2011 e que di o que segue: “Dáse conta do escrito de CESPA, S. A. empresa concesionaria do “Servizo público de recollida e R.S.U. No municipio de Poio e o seu transporte a un centro de tratamento, limpeza viaria e desratización”, de data 2 de novembro de 2011 e que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 14 de novembro de 2011, da Proposta da Alcaldía de data 15 de novembro de 2011 que propón á Comisión de Facenda a adopción do seguinte acordo: “ Aprobar a remuneración para o exercicio 2011 a que ten dereito a empresa concesionaria CESPA S.A pola concesión do Servizo de Recollida R.S.U. e Limpeza Viaria polo importe de 580.889,21€ (sen IVE) anuais.” e do informe da interventora municipal de data 15 de novembro de 2011.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente manifestando que se trata de pouca subida, en base a aplicación da fórmula para calcular o novo prezo, sendo o incremento (sen IVE) a 7.198,28 euros, o IVE a aplicar ascendería ao 8%, sendo a remuneración total para o ano 2011 de 580.889,21 euros (sen IVE).

O Sr. Villaverde Méndez manifesta que o seu grupo vai votar en contra por ter presentado no seu día outra alternativa.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do P.P. Acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propón ao Pleno a súa aprobación. ”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), sete votos en contra do PP e ningunha abstención, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a remuneración para o exercicio 2011 a que ten dereito a empresa concesionaria CESPA S.A pola concesión do Servizo de Recollida R.S.U. e Limpeza Viaria polo importe de 580.889,21€ (sen IVE) anuais.

Segundo: Dar traslado do expediente ao Departamento de Intervención e que se notifique á empresa concesionaria do servizo CESPA, con indicación dos recursos que procedan.

3604.- PROPOSTA CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2011 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do informe da interventora municipal de data 14 de novembro de 2011 e da proposta da Alcaldía á Comisión de Facenda de data 14 de novembro de 2011 que di o seguinte: “ **Primeiro:** levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no

momento de efectuar os gastos.

Segundo: aprobar o cambio de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado adicados aos investimentos “Asfaltado Travesía Escola”, que se atopa retido na aplicación 453.60900, por importe de 25.000€ e “Saneamento en Porta Blanquiña. PPC 2009”, que se atopa retido na aplicación 161.62900 por importe de 2.284,48€ e adicalos o financiamento das facturas que se atopan na relación que se acompaña no presente expediente.”

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención, e 2 votos en contra do P.P. acordou ditaminar: 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existe crédito para a súa aprobación no momento de efectuar os gastos e 2º) Aprobar o cambio de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiamento adicados aos investimentos “Asfaltado Travesía Escola” e “Saneamento en Porta Blanquiña. PPC 2009” e adicalos ao financiamento das facturas que se atopan na relación que se acompaña no presente expediente.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe relativo a existencia de facturas para as que non existía crédito para a súa aprobación no momento de efectuar os gastos.

Segundo: Aprobar o cambio de finalidade dos remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado adicados aos investimentos “Asfaltado Travesía Escola”, que se atopa retido na aplicación 453.60900, por importe de 25.000€ e “Saneamento en Porta Blanquiña. PPC 2009”, que se atopa retido na aplicación 161.62900 por importe de 2.284,48€ e adicalos o financiamento das facturas que se atopan na relación que se acompaña no presente expediente

Terceiro: Dar traslado do expediente ao Departamento de Intervención en orde á realización dos trámites sucesivos que correspondan.

3605.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS PRESENTADA POR RAMÓN QUIÑONES QUIÑONES, EXPTE. 345/11.- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2011 e que di o que segue: “ Dáse conta o expediente tramitado a instancia de D. Ramón Quiñones Quiñones, exp. núm. 345/11 relativo a “Pintado exterior do edificio sito en Avda. Francisco Regalado núm. 1” en Combarro, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras correspondente ao expediente núm. 345/11.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 20 de outubro de 2011.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 345/11, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 345/11, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

Terceiro: Dar traslado do expediente á Unidade de Urbanismo e notificar o acordo ao interesado con indicación dos

recursos que procedan.

3606.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE POIO SOBRE A NECESIDADE DE COORDINACIÓN ENTRE AS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN EN MATERIA SOCIAL.- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2011 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular no Concello de Poio de data 5 de novembro de 2011 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 5 de novembro de 2011 que, tras unha ampla exposición de motivos e en aras de mellorar o sistema de financiamento e de atención aos servizos sociais e garantir a achega dun servizo de calidade á cidadanía, insta a que o Concello de Poio solicite das distintas administracións:

“- Demandar do Goberno Central a blindaxe do investimento que aporta á comunidade de Galicia para o financiamento do plan concertado, plan xitano e atención a menores, mediante transferencia anual á Xunta.

Demandar así mesmo que garanta en relación co servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia que están a prestar as entidades locais, o financiamento do 50% do custe deste servizo a través do nivel mínimo de financiamento de xeito que permita a viabilidade e suficiencia financeira do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Establecer mecanismos de coordinación entre todas administracións, concello, deputación provincial e Xunta, que permitan establecer liñas claras e estables de financiamento dos servizos básicos que se prestan á cidadanía.

Pór en marcha un sistema que axilice os pagamentos anuais aos concellos por parte da Xunta de Galicia que asegure unha porcentaxe de anticipo do que lle correspondería anualmente ao concello pola prestación de servizos sociais comunitarios básicos, no primeiro cuadrimestre de cada ano.

Pór en marcha unha ferramenta que permita abonos trimestrais do servizo de axuda no fogar para os dependentes introducidos no sistema a 31 de decembro do ano anterior.

Elaborar unha normativa que flexibilice nos concellos a aplicación do copagamento dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.”

O Sr. Rodríguez Grandal explica o contido da moción indicando que é bo para mellorar o sistema de financiamento e de atención aos servizos sociais e garantir a achega dun servizo de calidade á cidadanía.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que a moción parécelle moi ben, máis considera cínico que sexa a propia Xunta de Galicia a que realice un corte severo, polo que a proposta do P.P. non se axusta á realidade.

O Sr. Rodríguez Grandal di que se trata de mecanismos de colaboración e regulación para realizar os servizos pero os recursos van a ser os que existan.

O Sr. Barreiro Lubián critica a posición de cofinanciamento adoptada pola Xunta por canto os servizos sociais son competencia da Comunidade Autónoma e debería ser tal administración a que asuma o seu financiamento.

O Sr. Agís Gómez di que a moción pide que se demande ao Goberno Central que se comprometa, pero habería que darlle máis tempo porque aínda non empezou a gobernar.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que coa que cae esto non é necesario e ademais os recursos hai que destinalos a outras cousas e engade que ao seu xuízo é igualmente innecesaria por esixir unna coordinación entre administracións que xa se está a dar na actualidade.

O Sr. Martínez Blanco quere manifestar que ao examinar a moción non daba crédito o que lía. Simplemente se trata de que non hai cartos para o servizo e pretendedes votarlle a culpa aos concellos con este mecanismo de coordinación. O seguinte paso será endosarlle aos concellos unha responsabilidade que é da Xunta. O 100% compételle á Xunta de Galicia e non aos concellos.

O Sr. Rodríguez Grandal contéstalle que o interpreten como queiran, con esta moción o que se establecen son regras de coordinación para ver a que nos atemos.

O Sr. Barreiro Lubián di 1º) que hai que ter claro de que se as prestacións de servizos sociais hai que seguir dándoas e 2º) Creo que o que non se pode alegar que coordinemos algo que non vai existir, o mellor sería eliminar os servizos sociais e por último 3º) Defendemos os intereses do Concello de Poio e dos seus cidadáns e non os da Xunta de Galicia e o demais é escribir por escribir.

Rematado o debate e sometida a votación, a Comisión por 2 votos a favor do P.P., ningunha abstención e 5 votos en contra do BNG e PSOE acordou ditaminar desfavorablemente dito asunto e que pase ao Pleno.”

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Domínguez Lino explicando os motivos polos que se presenta a moción para ser aprobada polo Pleno manifestando que hai que evitar as duplicidades nas administracións ao tratar o tema dos servizos sociais xa que en tempos de crise, é necesario recortar, pero defendendo o mantemento do estado de benestar.

Fíxose unha rebaixa importante do Plan concertado tras a rebaixa realizada polo Estado que non aporta nin o 50% pero a Xunta de Galicia en función da importancia da materia segue a facer esforzos para o seu mantemento.

A Sra. Salgueiro Piñeiro di que desde o BNG non apoian a moción presentada polo Partido Popular xa que no punto seguinte tratarase unha moción en relación aos recortes que se están a facer neste sentido, manifestando o seu desacordo coss datos e porcentaxes que comenta o grupo municipal do partido Popular.

Dentro do plan concertado hai distintos plans e coa rebaixa presentada non é suficiente para desenvolver os devanditos plans, tendo en conta ademais que hai administracións como pode ser a Deputación Provincial de Pontevedra que non coopera cós servizos sociais comunitarios do Concello de Poio.

A Sra. Besada Lores manifesta que se trata dunha moción moi ambigua, para poder manter a Lei de Dependencia hai que facer un incremento que non se ve por ningún lado, pero vostedes seguen votando as culpas ao goberno central.

O Sr. Domínguez Lino di que o plan concertado rebaiouse un 12% pero hai partidas que se incrementan, sen que se podan tomar novas decisións ata coñecer cómo o goberno en funcións deixa as contas.

O Sr. Agís Gómez respóstalle que no goberno central existe un corpo de intervención que é o encargado de fiscalizar e establecer o seu funcionamento.

O Sr. Barreiro Lubián toma a palabra e sinla que a primeira parte da intervención do Sr. Domínguez case lle convence, máis a segunda se queda nunha mera declaración de instencións.

Pero de todos os xeitos a Poio, a actuación da Administración autonómica supón unha rebaixa de máis dun 12%, hai programas que case os elimina.

Remata a quenda o Sr. Alcalde manifestando que realmente trátase dunha declaración de vontade xa que se realmente a Xunta tivera ganas de coordinar debería de asumir máis servizos sociais cando ademais son da súa competencia e non cargarlos aos concellos.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por 7 votos a favor do PP, 10 votos en contra(8 BNG e 2 PSOE) e ningunha abstención, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Non aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular en relación coa coordinación entre administracións en materia social e que se proceda ao seu arquivo.

3607.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE POIO SOBRE OS RECORTES DO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALICIA.- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de novembro de 2011 e que di o que segue: “Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Poio de data 2 de novembro de 2011 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 2 de novembro de 2011 que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: “ 1º) Instar á Xunta de Galiza á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestación básicas e atención ás familias e colectivos con problemas. 2º) Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos do ano 2012: a) Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servizos Sociais Comunitarios. b) Atender así mesmo á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana e o Programa de Atención a Persoas sen Fogar, polo gran incremento sufrido. c) Restablecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias. 3º) Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado.”

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que xa se debateu bastante no anterior punto da Comisión, pero dicir que precisamente agora, dada a situación de crise é máis necesario axudas e non recortes, é un contrasentido en todo caso sería

aumentalas.

Rematado o debate e sometida a votación a Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do P.P. acordou ditaminar favorablemente dita moción e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. Salgueiro Piñeiro explicando que a moción que se presenta para o seu debate e aprobación, fai referencia a moción anterior pero neste caso o que se reclama é que a Xunta repoña a financiación para o desenvolvemento dos plans concertados nos concellos xa que a aportación estase a reducir e fan moi difícil poder seguir con programas que ata o momento contaban cunha financiación importante ao verse reducidos ata nun 60% como poder ser o Plan de Desenvolvemento Xitano ou as aportación para o persoal (dietas...), por iso pedimos á Xunta de Galicia que repoña a aplicación presupostaria nos mesmos termos que no ano 2009.

O Sr. Domínguez Lino di que o primeiro sería a revisión da Lei de Dependencia xa que é moi fácil publicar leis, pero despois dotalas de presuposto é máis difícil. Segundo os datos cos que conta o Partido Popular, o Estado está a participar no seu financiamento nun 20 por cento en lugar do 50 por cento que lle correspondería.

A Sra. Besada Lores manifesta que o PSOE vota a favor da moción xa que os recortes principais estanse a producir en servizos sociais. E se as súas porcentaxes non coinciden é que porque o Estado aumenta a súa participación no Plan de desenvolvemento xitano e a Xunta baixa.

O Sr. Barreiro Lubián toma de novo a palabra e indica que se está a falar de manter as políticas do Estado de benestar pero sen embargo ponse en perigo coas políticas que hai que desenvolver. O estado de benestar de Galicia conleva bens e dereitos, por iso hai que definir se é importante ou non. Hai Ministerios dos que se pode recortar e que seguramente o novo goberno non suprimirá, hai cousas das que agora falan e que non o facían en campaña.

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, O Plno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestación básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.

Segundo: Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos do ano 2012:

a) Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servizos Sociais Comunitarios.

b) Atender así mesmo á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana e o Programa de Atención a Persoas sen Fogar, polo gran incremento sufrido.

c) Restablecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.

Terceiro: Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado

3608.- MODIFICACIÓN ESTATUTOS E DENOMINACIÓN DA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA PARA A DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO DOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, POIO, PONTEVEDRA, PONTE CALDELAS, VILABOIA, COTOBADE, BARRO E CAMPO LAMEIRO.- Elévase á consideración plenaria o expediente tramitado e o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2011: “Dáse conta dos escritos do Presidente da Mancomunidade xuntando documentación relacionada coa proposta acordo plenario de modificación dos estatutos e da denominación da Mancomunidade que tiveron entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio os días 21 e 27 de setembro de 2011.

Así mesmo dáse conta dos informes de Secretaría de data 15 de novembro de 2011 e de Intervención de data 16 de novembro de 2011.

O Sr. Martínez Blanco explica o contido do mesmo manifestando que a modificación ven motivada polo proceso de

separación do Concello de Barro da Mancomunidade, e polo tanto a porcentaxe correspondente a aportación ascende ao 10,31% pero sen determinar a contía total sobre a que se procederá a calcular ese 10,31%, e modificación do nome “Mancomunidade Terras de Pontevedra para a dinamización de produto turístico dos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Barro e Campo Lameiro” pasando a denominarse “Mancomunidade Terras de Pontevedra dos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa e Campo Lameiro.

Rematado o debate e sometida a votación, a Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do P.P. acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún, en votación ordinaria, por dez votos a favor(8 BNG e 2 PSOE) e a abstención dos sete membros do grupo municipal do Partido Popular, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e 143.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Resolver as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia e pola Deputación Provincial de Pontevedra no senso expresado polo informe expresado polo Secretario da Mancomunidade, recollidas na parte expositiva deste acordo, aceptando a supresión do apartado h do artigo 8.3 e na nova redacción proposta polo informe mencionado do artigo 9 e polo tanto desestimar o resto de alegacións formuladas nos anteditos informes polos motivos expresados no informe da mancomunidade.

Segundo: Aprobar a modificación a denominación da Mancomunidade Terras de Pontevedra para a dinamización de produto turístico dos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro, de tal forma que pase a denominarse Mancomunidade Terras de Pontevedra para os concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro.

Terceiro: Aprobar a modificación dos estatutos da Mancomunidade Terras de Pontevedra para a dinamización de produto turístico cos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro, nos termos indicados na proposta realizada polo Presidente da Mancomunidade que quedarían redactados da seguinte forma:

“Artigo 1.- Constitución e ámbito territorial.

1.- De conformidade co previsto no artigo 44 da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia se constitúe unha mancomunidade voluntaria.

2.- Constitúe o ámbito territorial da mancomunidade os termos municipais de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro, todos eles da provincia de Pontevedra.

3.- A Mancomunidade terá plena personalidade e capacidade xurídica, rexéndose polos presentes estatutos, polas mencionadas Leis, os seus regulamentos e normas complementarias, tanto da lexislación estatal como da autonómica.”

“Artigo 2.- Denominación e sede.

A Mancomunidade denominarase Mancomunidade Terras de Pontevedra dos concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro, e a súa sede radicará no concello da corporación da que sexa membro o seu Presidente.”

“Artigo 3.- Dos fins da mancomunidade

Os fins da mancomunidade, no seu ámbito territorial, serán:

a) A xestión dos Plans de Dinamización de Produto Turístico que afecten os municipios que a integran.

b) A xestión de plans e proxectos turísticos de natureza semellante á anterior.

c) O fomento e a promoción en xeral da actividade turística nos concellos que integran a Mancomunidade sempre que afecte a máis dun municipio dos que a integra.”

“Artigo 6.- Do Pleno da Mancomunidade.

1.- O Pleno da Mancomunidade, órgano supremo do goberno e administración desta, estará integrado por once membros, representando: tres ao concello de Pontevedra, dous a cada un dos Concellos de Marín e Poio e un a cada un dos concellos de Vilaboa, Ponte Caldelas, Cotobade e Campo Lameiro.

2.- Os representantes dos concellos e, no seu caso, os respectivos suplentes, serán elixidos polo Pleno da Corporación respectiva en cada mandato. Cada concello elixirá titulares e suplentes. Estes últimos actuarán para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade dos titulares.

3.- Son atribucións do Pleno da Mancomunidade as previstas no artigo 123 da 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

4.- O Pleno, a Presidencia e a Vicepresidencia da mancomunidade se renovarán coa mesma periodicidade que as corporacións locais, proceso que se levará a cabo dentro do mes seguinte ó da correspondente constitución das novas corporacións.”

“Artigo 8.- Do Presidente e do Vicepresidente.

1.- O Presidente e o Vicepresidente serán elixidos polo Pleno da Mancomunidade en sesión extraordinaria de entre os seus membros sen que poidan pertencer ao mesmo municipio. Para ser elixido será necesario ostentar a condición de alcalde e obter un número de votos non inferior a metade máis un do número legal de votos do Pleno da mancomunidade.

2.- A moción de censura ao Presidente rexerese polo disposto na lexislación electoral xeral.

3.- Ao Presidente, dentro do ámbito competencial da mancomunidade, correspóndenlle as atribucións asignadas ao alcalde no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e as que o artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local lle atribúe á Xunta de Goberno nos municipios de gran poboación. En especial correspóndelle as seguintes atribucións:

- a) A representación legal da mancomunidade.
- b) Tódalas relacionadas có réxime de sesións.
- c) Publicación de acordos, execución e suspensión de acordos.
- d) Xestión orzamentaria.
- e) Ordenación de pagos.
- f) Rendición e publicación de contas.
- g) Todas as relativas a contratación.

4.- O Vicepresidente substitúe ao Presidente, coas mesmas facultades, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.”

“Artigo 9.- Do secretario, interventor e tesoureiro.

1.- No cadro de persoal e na relación de postos de traballo da mancomunidade fixaranse as prazas e postos necesarios para o exercicio das funcións reservadas a habilitados de carácter estatal que serán exercidas por estes funcionarios de acordo co sistema de provisión previsto no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

2.- No caso de que a Consellería competente da Xunta de Galicia exima a mancomunidade da obriga de manter os postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, as funcións reservadas os habilitados estatais serán exercidas por funcionarios de habilitación estatal dalgún dos municipios que integran a mancomunidade conforme as seguintes regras:

a- O secretario, interventor e tesoureiro serán designados por unanimidade dos asistentes ao Pleno da Mancomunidade. No caso de non conseguir unanimidade, serán desempeñados polo secretario, interventor e tesoureiro do concello do Presidente da Mancomunidade.

b- Son funcións do secretario, interventor e tesoureiro as previstas na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público e no R.D. 1174/1987, de réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación nacional.”

“Artigo 11.- Do réxime xurídico.

1.- O réxime xurídico da mancomunidade axustarase, dentro das súas singularidades, ao disposto nos presentes estatutos, ás normas contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local para os municipios de gran poboación e supletoriamente para os municipios de réxime común e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2.- En todo caso, na Mancomunidade non existirán comisións informativas. Polo tanto, os acordos do Pleno non requiren previo ditame de Comisión Informativa algunha. Non obstante, mediante acordo de Pleno permítese a existencia dunha Comisión Informativa exclusivamente para os asuntos relacionados coa Conta Xeral.”

“Artigo 16.- Do cadro de persoal e postos de traballo

1.- Para o desenvolvemento das funcións, o Pleno da mancomunidade aprobará anualmente, a través do orzamento, o cadro de persoal, que ten que comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, de acordo coas normas reguladoras do persoal e servizos dos entes locais.

2.- O Pleno da mancomunidade determinará, de selo caso, o modo de provisión e alcance da dedicación dos postos de traballo que se compartan con algún concello mancomunado.

3.- Mentres a mancomunidade non teña persoal propio funcionará co persoal dos concellos mancomunados que voluntariamente acepten prestar servizos extraordinarios nela. O Pleno, resolverá sobre as retribucións e gratificacións a percibir por este persoal.

4.- A mancomunidade poderá, se o considera oportuno, nomear un xerente cuxo réxime se axustará o seguinte:

a) O xerente será nomeado e, no seu caso cesado, libremente polo presidente da mancomunidade en calquera momento.

b) O xerente terá a consideración de órgano directivo.

c) O nomeamento deberá efectuarse entre funcionarios de carreira ou persoal laboral ao servizo dos Entes Públicos, ou profesionais do sector privado. Os profesionais do sector privado deberán de acreditar unha experiencia de 5 anos no ámbito do turismo ou no ámbito de postos de dirección de empresas. En todo caso, a titulación mínima requirida será a de licenciatura, diplomatura ou grado.

d) A determinación e modificación das condicións retributivas do xerente establecerase polo Pleno da Mancomunidade.

e) A selección da xerente realizarase atendendo a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade.

f) Se o xerente ten a consideración de funcionario público de carreira formalizará un documento de toma de posesión do cargo. Se o xerente non ten a consideración de funcionario de carreira formalizará un contrato laboral de alta dirección, coas peculiaridades recollidas nestes estatutos e na lexislación administrativa sobre órganos directivos.

g) As funcións do xerente serán as que determine o Presidente e en todo caso as seguintes:

1. Dirixir e supervisar as actividades da mancomunidade.

2. Desenvolver a xestión económica conforme ao orzamento vixente.

3. Impulsar a súa actividade dentro das directrices emanadas dos restantes órganos da mesma.

4. Subscribir a documentación da mancomunidade necesaria para a execución de acordos e resolucións e conformar as certificacións, liquidacións e recepcións de obras, servizos, subministros e contratos en xeral, así como os gastos derivados do seu funcionamento, sen prexuízo das aprobacións que correspondan aos órganos da mancomunidade.

5. Elaborar propostas de disposicións, acordos e convenios.

6. Avaliación dos servizos da súa competencia.

7. Asumir e exercer aquelas competencias que lle delegue o presidente da mancomunidade mediante resolución deste, que será publicada no BOP, sen prexuízo que produza efectos desde a data da mesma salvo que se dispoña outra cousa na resolución de delegación. A estes efectos son delegables no xerente aquelas competencias que o son nos municipios de gran poboación nos concelleiros e/ou directores xerais.

“Artigo 17.- Da duración

A mancomunidade terá un prazo de vixencia indefinido.”

ANEXO

DISTRIBUCIÓN DE APORTACIÓN OBRIGATORIAS:

| CONCELLO | POBOACIÓN INE 2005 | APORTACIÓN % |
|----------------|-----------------------|--------------|
| Pontevedra | 79.372 | 54,65 |
| Marín | 26.103 | 16,49 |
| Poio | 14.889 | 10,31 |
| Ponte Caldelas | 6.615 | 6,19 |
| Vilaboa | 5.947 | 5,15 |
| Cotobade | 4.658 | 4,12 |
| Campo Lameiro | 2.166 | 3,09 |
| SUMAS | 139.750 | 100,00 |

Cuarto: Aprobar os novos estatutos da denominada Mancomunidade Terras de Pontevedra para os Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro cuxo texto literal sería o seguinte:

“ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA DOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, POIO, PONTE CALDELAS, VILABOA, COTOBADE E CAMPO LAMEIRO.

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Constitución e ámbito territorial.

1.- De conformidade co previsto no artigo 44 da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia se constitúe unha mancomunidade voluntaria.

2.- Constitúe o ámbito territorial da mancomunidade os termos municipais de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro, todos eles da provincia de Pontevedra.

3.- A Mancomunidade terá plena personalidade e capacidade xurídica, rexéndose polos presentes estatutos, polas mencionadas Leis, os seus regulamentos e normas complementarias, tanto da lexislación estatal como da autonómica.”

Artigo 2.- Denominación e sede.

A Mancomunidade denominarase Mancomunidade Terras de Pontevedra dos concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro, e a súa sede radicará no concello da corporación da que sexa membro o seu Presidente.

CAPÍTULO II FINS DA MANCOMUNIDADE

Artigo 3.- Dos fins da mancomunidade

Os fins da mancomunidade, no seu ámbito territorial, serán:

- a) A xestión dos Plans de Dinamización de Produto Turístico que afecten os municipios que a integran.
- b) A xestión de plans e proxectos turísticos de natureza semellante á anterior.
- c) O fomento e a promoción en xeral da actividade turística nos concellos que integran a Mancomunidade sempre que afecte a máis dun municipio dos que a integra.

Artigo 4.- Das competencias.

1.- De acordo cos fins que ten que cumprir na súa calidade de Administración pública, correspóndelle á mancomunidade, dentro do seu ámbito de competencia e de conformidade co disposto na lexislación de réxime local, exercer as potestades atribuídas no artigo 4.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigo 6.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2.- A potestade tributaria referirase, exclusivamente, ao establecemento de taxas e contribucións especiais.

3.- A potestade expropiadora será exercida polo municipio ou provincia por petición e en beneficio da mancomunidade.

4.- En xeral, e dentro da legalidade e do seu ámbito competencial, a mancomunidade pode posuír, adquirir, reivindicar, permutar, gravar e allear toda clase de bens, e formalizar contratos, establecer e explotar servizos e realizar calquera acto necesario para o cumprimento dos seus fins.

CAPÍTULO III ORGANIZACIÓN E ATRIBUCIÓN

Artigo 5.- Dos órganos de goberno.

Os órganos de goberno da mancomunidade son:

- a) Pleno da Mancomunidade
- b) Presidente
- c) Vicepresidente

Artigo 6.- Do Pleno da Mancomunidade.

1.- O Pleno da Mancomunidade, órgano supremo do goberno e administración desta, estará integrado por once membros, representando: tres ao concello de Pontevedra, dous a cada un dos Concellos de Marín e Poio e un a cada un dos concellos de Vilaboa, Ponte Caldelas, Cotobade e Campo Lameiro.

2.- Os representantes dos concellos e, no seu caso, os respectivos suplentes, serán elixidos polo Pleno da Corporación respectiva en cada mandato. Cada concello elixirá titulares e suplentes. Estes últimos actuarán para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade dos titulares.

3.- Son atribucións do Pleno da Mancomunidade as previstas no artigo 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

4.- O Pleno, a Presidencia e a Vicepresidencia da mancomunidade se renovarán coa mesma periodicidade que as corporacións locais, proceso que se levará a cabo dentro do mes seguinte ó da correspondente constitución das novas corporacións.

Artigo 7.- Dos membros do Pleno.

Correspóndelle aos membros do Pleno da Mancomunidade os dereitos e deberes seguintes:

a) Recibir, cunha antelación mínima de dous días, a convocatoria na que se conteña a orde do día das reunións. Os expedientes sobre os temas que figuren nela, estarán a súa disposición por igual prazo.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido deste e os motivos que o xustifican.

d) Formular rogos e preguntas.

e) En xeral, e unha vez que tome posesión do seu cargo, todos os que establece a lexislación de réxime local.

Artigo 8.- Do Presidente e do Vicepresidente.

1.- O Presidente e o Vicepresidente serán elixidos polo Pleno da Mancomunidade en sesión extraordinaria de entre os seus membros sen que poidan pertencer ao mesmo municipio. Para ser elixido será necesario ostentar a condición de alcalde e obter un número de votos non inferior a metade máis un do número legal de votos do Pleno da mancomunidade.

2.- A moción de censura ao Presidente rexerese polo disposto na lexislación electoral xeral.

3.- Ao Presidente, dentro do ámbito competencial da mancomunidade, correspóndenlle as atribucións asignadas ao alcalde no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e as que o artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local lle atribúe á Xunta de Goberno nos municipios de gran poboación. En especial correspóndelle as seguintes atribucións:

a) A representación legal da mancomunidade.

b) Tódalas relacionadas co réxime de sesións.

c) Publicación de acordos, execución e suspensión de acordos.

d) Xestión orzamentaria.

e) Ordenación de pagos.

f) Rendición e publicación de contas.

g) Todas as relativas a contratación.

4.- O Vicepresidente substitúe ao Presidente, coas mesmas facultades, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 9.- Do secretario, interventor e tesoureiro.

1.- No cadro de persoal e na relación de postos de traballo da mancomunidade fixaranse as prazas e postos necesarios para o exercicio das funcións reservadas a habilitados de carácter estatal que serán exercidas por estes funcionarios de acordo co sistema de provisión previsto no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

2.- No caso de que a Consellería competente da Xunta de Galicia exima a mancomunidade da obriga de manter os postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, as funcións reservadas os habilitados estatais serán exercidas por funcionarios de habilitación estatal dalgún dos municipios que integran a mancomunidade conforme as seguintes regras:

a- O secretario, interventor e tesoureiro serán designados por unanimidade dos asistentes ao Pleno da Mancomunidade. No caso de non conseguir unanimidade, serán desempeñados polo secretario, interventor e tesoureiro do concello do Presidente da Mancomunidade.

b- Son funcións do secretario, interventor e tesoureiro as previstas na Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público e no R.D. 1174/1987, de réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación nacional.

CAPÍTULO IV

FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 10.- Do goberno e de administración.

O goberno e a administración da mancomunidade correspóndelle ao pleno, ao seu Presidente e ao seu Vicepresidente.

Artigo 11.- Do réxime xurídico.

1.- O réxime xurídico da mancomunidade axustarase, dentro das súas singularidades, ao disposto nos presentes estatutos, ás normas contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local para os municipios de gran poboación e supletoriamente para os municipios de réxime común e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2.- En todo caso, na Mancomunidade non existirán comisións informativas. Polo tanto, os acordos do Pleno non

requiren previo ditame de Comisión Informativa algunha. Non obstante, mediante acordo de Pleno permítense a existencia dunha Comisión Informativa exclusivamente para os asuntos relacionados coa Conta Xeral.”

Artigo 12.- Dos dereitos e deberes dos concellos.

1.- Son dereitos e deberes dos concellos mancomunados:

- a) Participar na xestión da mancomunidade de acordo co disposto nestes estatutos.
- b) Recibir información directa dos asuntos que sexan do seu interese.
- c) Presentar propostas de actuación no ámbito das materias de competencia da mancomunidade.
- d) Consultar a documentación dos arquivos e rexistro da mancomunidade.

e) Intervir nas sesións dos órganos da mancomunidade, con voz e voto, a través dos seus representantes lexítimos, e nos supostos específicos que determinen os estatutos.

f) Consignar nos seus presupostos as cantidades necesarias para atender, nos sucesivos exercicios, os gastos ordinarios e demais obrigacións derivadas dos compromisos contraídos coa mancomunidade.

g) Aportar puntualmente as achegas que lle correspondan a cada un no Plan de Dinamización Turística ou doutros que se teñan validamente acordados.

2.- Transcorrido o prazo para o ingreso de contribucións dos concellos mancomunados, o presidente da mancomunidade poderá dirixirse á Xunta de Galicia para a retención dos fondos do concello debedor e o seu ingreso na facenda da mancomunidade.

CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 13.- Da facenda da mancomunidade.

1.- Para a realización dos seus fins, a mancomunidade contará cunha facenda propia integrada por:

- a) Taxas pola prestación de servizos.
- b) Os prezos públicos.
- c) As contribucións especiais para a execución de obras ou para o establecemento, ampliación ou mellora dos servizos da súa competencia.
- d) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.
- e) As subvencións e transferencias.
- f) O produto das operacións de crédito.
- g) O produto de multas e sancións no ámbito da súa competencia.
- h) As achegas dos concellos mancomunados, tal como se establece nestes Estatutos.
- i) Os donativos ao seu favor.

2.- Serán de aplicación á mancomunidade, respecto dos ingresos antes enumerados, as disposicións do Texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 14.- Achegas dos municipios integrantes da Mancomunidade.

1.- Os concellos integrantes da Mancomunidade se comprometen a consignar, nos seus respectivos orzamentos, as cantidades necesarias para satisfacer as obrigas e compromisos económicos contraídos pola mesma, nas porcentaxes que se establecen no ANEXO I dos presentes Estatutos.

2.- Son achegas ordinarias de cada concello dos que compoñen a mancomunidade as destinadas a atender os gastos de mantemento, funcionamento e explotación do servizo que se pretende instalar.

3.- Son achegas extraordinarias de cada concello as destinadas a gastos de primeiro establecemento ou de ampliación de instalacións, así como as necesarias para satisfacer as achegas anuais das operacións de crédito de se-lo caso.

Artigo 15.- Do orzamento da mancomunidade.

O Pleno da mancomunidade formará e aprobará anualmente o seu orzamento, de conformidade coas disposicións do Texto refundido da Lei de facendas locais e demais normas legais de aplicación.

CAPÍTULO VI DO PERSOAL

Artigo 16.- Do cadro de persoal e postos de traballo

1.- Para o desenvolvemento das funcións, o Pleno da mancomunidade aprobará anualmente, a través do orzamento, o cadro de persoal, que ten que comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, de acordo coas normas reguladoras do persoal e servizos dos entes locais.

2.- O Pleno da mancomunidade determinará, de selo caso, o modo de provisión e alcance da dedicación dos postos de traballo que se compartan con algún concello mancomunado.

3.- Mentres a mancomunidade non teña persoal propio funcionará co persoal dos concellos mancomunados que voluntariamente acepten prestar servizos extraordinarios nela. O Pleno, resolverá sobre as retribucións e gratificacións a

percibir por este persoal.

4.- A mancomunidade poderá, se o considera oportuno, nomear un xerente cuxo réxime se axustará o seguinte:

a) O xerente será nomeado e, no seu caso cesado, libremente polo presidente da mancomunidade en calquera momento.

b) O xerente terá a consideración de órgano directivo.

c) O nomeamento deberá efectuarse entre funcionarios de carreira ou persoal laboral ao servizo dos Entes Públicos, ou profesionais do sector privado. Os profesionais do sector privado deberán de acreditar unha experiencia de 5 anos no ámbito do turismo ou no ámbito de postos de dirección de empresas. En todo caso, a titulación mínima requirida será a de licenciatura, diplomatura ou grado.

d) A determinación e modificación das condicións retributivas do xerente establecerase polo Pleno da Mancomunidade.

e) A selección da xerente realizarase atendendo a principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade.

f) Se o xerente ten a consideración de funcionario público de carreira formalizará un documento de toma de posesión do cargo. Se o xerente non ten a consideración de funcionario de carreira formalizará un contrato laboral de alta dirección, coas peculiaridades recollidas nestes estatutos e na lexislación administrativa sobre órganos directivos.

g) As funcións do xerente serán as que determine o Presidente e en todo caso as seguintes:

1.- Dirixir e supervisar as actividades da mancomunidade.

2.- Desenvolver a xestión económica conforme ao orzamento vixente.

3.- Impulsar a súa actividade dentro das directrices emanadas dos restantes órganos da mesma.

4.- Subscribir a documentación da mancomunidade necesaria para a execución de acordos e resolucións e conformar as certificacións, liquidacións e recepcións de obras, servizos, subministros e contratos en xeral, así como os gastos derivados do seu funcionamento, sen prexuízo das aprobacións que correspondan aos órganos da mancomunidade.

5.- Elaborar propostas de disposicións, acordos e convenios.

6.- Avaliación dos servizos da súa competencia.

7.- Asumir e exercer aquelas competencias que lle delegue o presidente da mancomunidade mediante resolución deste, que será publicada no BOP, sen prexuízo que produza efectos desde a data da mesma salvo que se dispoña outra cousa na resolución de delegación. A estes efectos son delegables no xerente aquelas competencias que o son nos municipios de gran poboación nos concelleiros e/ou directores xerais.

CAPITULO VII

TERMO DE VIXENCIA, MODIFICACIÓN E DISOLUCIÓN DA MANCOMUNIDADE

Artigo 17.- Da duración

A mancomunidade terá un prazo de vixencia indefinido.”

Artigo 18.- Da modificación dos estatutos.

1.- Estes estatutos poderán ser modificados, incluso no que respecta aos fins da mancomunidade, seguindo o procedemento establecido no artigo 143 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia ou norma legal que a substitúa.

2.- No suposto de que un concello decida unilateralmente a separación da mancomunidade se estará ao disposto no artigo 143.3 e normas concordantes.

Artigo 19.- Da disolución da mancomunidade.

1.- A mancomunidade poderá disolverse.

a) Por imposibilidade legal ou material de cumprir as súas finalidades.

b) Por acordo expreso de tódolos concellos que forman parte da mesma.

2.- O procedemento que se debe seguir para a disolución será o previsto no artigo 143 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, cos efectos do artigo 144 da Lei citada.

Artigo 20.- Da liquidación do patrimonio.

O disolverse a mancomunidade, o seu patrimonio reverterá nos concellos mancomunados por partes proporcionais a súa achega.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.- Dentro do mes seguinte ao da publicación dos estatutos no Diario Oficial de Galicia, o alcalde do municipio no que radique a sede provisional da mancomunidade convocará a tódolos representantes dos municipios mancomunados para realizar sesión extraordinaria para os efectos de resolver sobre os seguintes puntos:

a) Elección do Presidente e do Vicepresidente.

b) Designación do secretario, interventor e tesoureiro.

c) Periodicidade das sesións.

Segunda.- A sesión constitutiva será presidida, ata o momento da elección e toma de posesión do presidente elixido, polo Presidente da Comisión Xestora convocante, asistido polo secretario da comisión xestora.

Terceira.- O primeiro mandato do Pleno, Presidente e Vicepresidente, desde a constitución da Mancomunidade, finalizará coas primeiras eleccións municipais que teñan lugar.

ANEXO I
DISTRIBUCIÓN DE APORTACIÓNS OBRIGATORIAS:

| CONCELLO | POBOACIÓN INE 2005 | APORTACIÓ N % |
|-------------------|-----------------------|------------------|
| Pontevedra | 79.372 | 54,65 |
| Marín | 26.103 | 16,49 |
| Poio | 14.889 | 10,31 |
| Ponte Caldelas | 6.615 | 6,19 |
| Vilaboa | 5.947 | 5,15 |
| Cotobade | 4.658 | 4,12 |
| Campo Lameiro | 2.166 | 3,09 |
| SUMAS | 139.750 | 100,00 |

Quinto: Acordar a separación do Concello de Barro da Mancomunidade.

Sexto: Todos os bens e instalacións da Mancomunidade que están situados no termo municipal do Concello de Barro pasarán a titularidade deste.

Sétimo: Remitir este acordo á Presidencia da Mancomunidade Terras de Pontevedra.

3609.- DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE, DE TODO O TERMO MUNICIPAL DE POIO-PONTEVEDRA, APROBADO POR ORDE DE 20 DE XUÑO DE 2011, DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, RURAL E MARINO, EXP. NUM. DL-157 PONTEVEDRA (DS01/98/36/0003).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PERANTE A AUDIENCIA NACIONAL, CONTRA A ORDE DE APROBACIÓN DO DESLINDE.- Dáse conta do expediente tramitado e dos informes emitido Asesor Xurídico, proposta da alcaldía e informe da Secretaria Xeral do Concello.

Informe do Asesor Xurídico de data 16 de novembro de 2011 e que di o que segue: “Que se emite, a petición del Sr. Alcalde del Ayuntamiento de Poio (Pontevedra), sobre la procedencia de interponer un recurso contencioso administrativo ante la Audiencia Nacional, contra la Orden del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, de 20 de junio de 2011, aprobada por resolución de 20 de junio de 2011, de la Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, por delegación de la Sra. Ministra, por la que se aprobó el deslinde de los bienes de dominio público marítimo terrestre y servidumbre de protección, del tramo de costa de unos 16.388m de longitud, que comprende la totalidad del término municipal de Poio (Pontevedra), según se define en los planos fechados en diciembre de 2008, y números 1 y 4, fechados en octubre de 2010, correspondiente al expediente de deslinde nº DL -157 – Pontevedra (DES01/98/36/0003), cuya resolución fue publicada en el Boletín Oficial del Estado de 5 de julio de 2011, y notificada al Concello de Poio el 22 de julio de 2011, en el plazo de 2 meses contados a partir del transcurso del plazo de 1 mes desde que se formuló ante el Ministerio de Medio Ambiente el requerimiento previo de anulación de la orden que aprobó el deslinde, por no haber contestado el Ministerio dentro del plazo de 1 mes que tenía, todo ello, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 54.3 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones legales vigentes en materia de régimen local, y con la finalidad de conseguir, en vía judicial, la reducción de servidumbre de protección del dominio público, de 100 a 20m, en varias áreas del término municipal de Poio, en base a los siguientes:

ANTECEDENTES

PRIMERO.- Con fecha 20 de septiembre de 2011, se presentó en el Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, de la Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar la resolución de la Alcaldía del Concello de Poio,

de 19 de septiembre de 2011, solicitando del Ministerio de Medio Ambiente que “se tenga por formulado el requerimiento previo de anulación de la orden ministerial de 20 de junio de 2011, así como de la resolución de la Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, de la misma fecha, que aprobó la orden ministerial por delegación, previsto en el artículo 44 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso administrativa, solicitando la anulación de la orden que aprobó el deslinde de los bienes del dominio público marítimo terrestre del término municipal de Poio (Pontevedra) y se dicte otra nueva orden, en la que se reduzca la servidumbre de protección del dominio público de 100 a 20 metros, desde el límite interior de la ribera del mar, en todos los núcleos urbanos o áreas consolidadas por la edificación, en el momento de la entrada en vigor de la Ley de Costas, el 28 de julio de 1988, que figuran en el informe o Estudio de Consolidación del arquitecto municipal de Poio de 4 de febrero de 2011, que obra en el expediente que tramitó el Ministerio de Medio Ambiente y cuyas áreas son las siguientes:

RAXÓ (planos 01_SU 01 y 02_SU01`), ámbitos A y B;
COVELO (plano 03_SU02), ámbitos A y B;
CAMPELO (plano 04_SU03 y 05_SU03`), ámbitos A y B;
LOURIDO (plano 05_SU04), ámbito único;
CHANCELAS (planos 07_SNR01 y 08_SNR01`), ámbito único;
CASALVITO (planos 09_SNR02 y 10_SNR02`), ámbitos A y B y
LOURIDO (núcleo rural) (plano 11_SNR03), ámbito único”.

SEGUNDO.- Por acuerdo del pleno de la Corporación municipal del Concello de Poio número 3.583, adoptado en sesión ordinaria realizada el 27 de septiembre de 2011, se ratificó el requerimiento previo de anulación de la Orden ministerial de 20 de junio de 2011, y de la resolución de 20 de junio de 2011, así como, todas las actuaciones realizadas por la Alcaldía en este expediente, en el que se determina la aprobación por Orden ministerial del deslinde de la línea de dominio público marítimo terrestre, de todo el término municipal de Poio.

TERCERO.- Por resolución de la Alcaldía de 16 de noviembre de 2011 (cuya copia se adjunta), de conformidad con los informes emitidos por el asesor jurídico del Concello de Poio de 9 de noviembre de 2011, y de la Arquitecto municipal de 11 de noviembre de 2011 (cuyas copias se adjuntaban a la resolución de la Alcaldía de 16 de noviembre de 2011), se solicitaba de la Secretaría General de Ordenación del Territorio e Urbanismo, de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras que “por segunda vez, que en el plazo de 15 días se expida la correspondiente certificación de haber sido estimada por silencio positivo las peticiones contenidas en las resoluciones de la Alcaldía de 1 de marzo de 2011, que tuvo entrada en el registro general de la Xunta de Galicia, en Pontevedra el 3 de marzo de 2011 y la de 31 de agosto de 2011, que tuvo entrada en el registro general de la Xunta de Galicia en Santiago el 2 de septiembre de 2011, por la que se acredite que estaban clasificados como suelos urbanos, núcleos de población y núcleos rurales tradicionales y mixtos, todos los incluidos en las Normas Subsidiarias de 1985

y en el Plan General aprobado el 28 de julio de 2000, que se reflejaron en el dictamen de la asesoría jurídica de 1 de julio de 2010, y planos que se adjuntaban al mismo, así como los que tenían la consideración de suelos urbanos por estar incluidos en áreas consolidadas por la edificación en más de 2/3 partes en el momento de entrada en vigor de la Ley de Costas, según se probaba en el informe de la Arquitecto municipal de 4 de febrero de 2011, y cuyas áreas son las siguientes:

RAXÓ (planos 01_SU 01 y 02_SU01`), ámbitos A y B;
COVELO (plano 03_SU02), ámbitos A y B;
CAMPELO (plano 04_SU03 y 05_SU03`), ámbitos A y B;
LOURIDO (plano 05_SU04), ámbito único;
CHANCELAS (planos 07_SNR01 y 08_SNR01`), ámbito único;
CASALVITO (planos 09_SNR02 y 10_SNR02`), ámbitos A y B y
LOURIDO (núcleo rural) (plano 11_SNR03), ámbito único”.

Y dejando sin efecto el informe de 24 de octubre de 2011 de la Secretaría General de Ordenación del Territorio y Urbanismo, por no proceder la emisión del mismo legalmente, ya que, una vez producido el silencio administrativo positivo, las resoluciones que dicte la Xunta en este asunto solo pueden ser de conformidad con la petición realizada por escritos de 1 de marzo de 2011, y de 31 de agosto de 2011, todo ello a los efectos de defender los intereses generales del Concello de Poio, tanto ante el Ministerio de Medio Ambiente, como en vía judicial, en su caso”.

Y habiendo transcurrido con exceso el plazo de 1 mes que tenía el Ministerio de Medio Ambiente, para resolver el requerimiento previo de anulación de la Orden ministerial de 20 de junio de 2011, cuyo plazo finalizó el 20 de octubre de 2011, sin que el Ministerio haya comunicado al Concello de Poio la resolución que pudiera haber recaído, se entiende denegado el requerimiento, pudiendo el Concello de Poio interponer el pertinente recurso contencioso administrativo ante la Audiencia Nacional, en el plazo de 2 meses, que finalizan el 20 de diciembre de 2011, previo acuerdo plenario, en base a los siguientes:

FUNDAMENTOS DE DERECHO

PRIMERO.- El artículo 22.2 j) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, atribuye al pleno del Concello la facultad del ejercicio de acciones judiciales y administrativas y la defensa de la corporación en materias de competencia plenaria, por lo que, es competencia del pleno, por mayoría simple la adopción del acuerdo correspondiente para la interposición de este recurso contencioso administrativo ante la Audiencia Nacional.

El artículo 54.3 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, exige como requisito previo al acuerdo que se adopte para el ejercicio de las acciones necesarias para la defensa de sus bienes y derechos, que se adopten previo dictamen del secretario, o, en su caso, de la asesoría jurídica y, en defecto de ambos, de un letrado.

Por lo que este dictamen se emite como asesor jurídico del Concello de Poio y como letrado en ejercicio del Colegio de Abogados de Pontevedra, donde figuro colegiado con el número 530.

La Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, establece en su artículo 11.1 “La Sala de lo Contencioso-administrativo de la Audiencia Nacional conocerá en única instancia:

De los recursos que se deduzcan en relación con las disposiciones generales y los actos de los Ministros y de los Secretarios de Estado en general y en materia de personal cuando se refieran al nacimiento o extinción de la relación de servicio de funcionarios de carrera. Asimismo conocerá de los recursos contra los actos de cualesquiera órganos centrales del Ministerio de Defensa referidos a ascensos, orden y antigüedad en el escalafonamiento y destinos.”

Tratándose de una disposición de carácter general, como lo es la orden del Ministerio de Medio Ambiente que aprobó el deslinde, es competente, la Sala de lo Contencioso Administrativo de la Audiencia Nacional para el conocimiento del recurso que se interponga.

El artículo 44.1, 2 y 3 de la misma ley establecen lo siguiente “1. En los litigios entre Administraciones públicas no cabrá interponer recurso en vía administrativa. No obstante, cuando una Administración interponga recurso contencioso-administrativo contra otra, podrá requerirla previamente para que derogue la disposición, anule o revoque el acto, haga cesar o modifique la actuación material, o inicie la actividad a que esté obligada.

Cuando la Administración contratante, el contratista o terceros pretendan recurrir las decisiones adoptadas por los órganos administrativos a los que corresponde resolver los recursos especiales y las reclamaciones en materia de contratación a que se refiere la legislación de Contratos del Sector Público interpondrán el recurso directamente y sin necesidad de previo requerimiento o recurso administrativo.

2. El requerimiento deberá dirigirse al órgano competente mediante escrito razonado que concretará la disposición, acto, actuación o inactividad, y deberá producirse en el plazo de dos meses contados desde la publicación de la norma o desde que la Administración requirente hubiera conocido o podido conocer el acto, actuación o inactividad.

3. El requerimiento se entenderá rechazado si, dentro del mes siguiente a su recepción, el requerido no lo contestará”.

Y habiendo transcurrido con exceso el plazo de 1 mes que tenía el Ministerio, se entiende denegado el requerimiento presentado el 20 de septiembre de 2011.

Y el artículo 46.6 de la Ley Jurisdiccional preceptúa “En los litigios entre Administraciones, el plazo para interponer recurso contencioso-administrativo será de dos meses, salvo que por Ley se establezca otra cosa. Cuando hubiera

precedido el requerimiento regulado en los tres primeros apartados del [artículo 44](#), el plazo se contará desde el día siguiente a aquel en que se reciba la comunicación del acuerdo expreso o se entienda presuntamente rechazado”.

SEGUNDO.- En cuanto a la procedencia de interponer el recurso contencioso administrativo ante la Audiencia Nacional, solicitando la anulación de la Orden ministerial que aprobó el deslinde, con la finalidad de que, pueda conseguirse la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m, en todas las áreas del término municipal, que tenían la consideración de suelos urbanos, no sólo por estar así clasificados en las Normas Subsidiarias municipales de 1985 y en el Plan General vigente en el año 2000, tal como se proponía en el dictamen de esta asesoría jurídica de 1 de julio de 2010 (y planos que se adjuntaban al mismo), así como los suelos urbanos que también estaban consolidados por la edificación en más de las 2/3 partes de las áreas del término municipal de Poio, que se reflejan en el informe y planos confeccionados por la Arquitecto municipal el 4 de febrero de 2011, todo ello por motivos de interés general y de la defensa de la legalidad urbanística y de la jurisprudencia de la Audiencia Nacional, Tribunal Supremo y Tribunal Constitucional, citadas en los dictámenes e informes de esta asesoría que constan en el expediente, y cuya clase de suelo urbano fue aprobada igualmente por silencio positivo de la Xunta de Galicia, según se probó en el dictamen de esta asesoría de 31 de agosto de 2011, y de 9 de noviembre de 2011.

Por todo lo expuesto, de conformidad con los antecedentes indicados y fundamentos de derecho citados, se formula la siguiente:

CONCLUSIÓN

Que puede el pleno del Concello, en defensa del interés general, previa propuesta de la Alcaldía, dictamen de la Comisión Informativa de urbanismo y en su caso, de la Secretaria del Concello, adoptar el correspondiente acuerdo plenario facultando al Sr. Alcalde para el ejercicio de la acción judicial correspondiente, interponiendo el correspondiente recurso contencioso – administrativo ante la Audiencia Nacional, antes del 20 de diciembre de 2011, a través de cualquiera de los procuradores que consten en el poder general de pleitos otorgado en su día y designando al letrado que defienda al Concello en este recurso, por considerar que existe base legal suficiente para conseguir la anulación de la orden de 20 de junio de 2011, que aprobó el deslinde y conseguir la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m.

Es parecer del letrado que informa que se emite en Poio a 16 de noviembre de 2011”

Proposta da Alcaldía de data 17/11/2011 que di textualmente: "Por escrito da alcaldía de 19 de setembro de 2011, entregado no Ministerio de Medio Ambiente o 20 de setembro de 2011, formalizouse o requerimento previo de anulación da Orde de 20 de xuño de 2011, do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, aprobada por delegación por resolución da Dirección Xeral de sustentabilidade da Costa e do Mar da mesma data, solicitando a anulación do deslinde aprobado nº DL-157-Pontevedra (DS01/98/36/0003), que comprende todo o termino municipal de Poio, solicitando a redución da servidume de protección do dominio público de 100 a 20 metros en todas a áreas que se indican no informe do arquitecto municipal de 4 de febreiro de 2011 e que son as que seguen:

RAXÓ (planos 01_SU 01 y 02_SU01`), ámbitos A y B;
COVELO (plano 03_SU02), ámbitos A y B;
CAMPELO (plano 04_SU03 y 05_SU03`), ámbitos A y B;
LOURIDO (plano 05_SU04), ámbito único;
CHANCELAS (planos 07_SNR01 y 08_SNR01`), ámbito único;
CASALVITO (planos 09_SNR02 y 10_SNR02`), ámbitos A y B y
LOURIDO (núcleo rural) (plano 11_SNR03), ámbito único”.

E transcorrendo con exceso o prazo de un mes, que rematou o 20 de outubro de 2011, sen que o Ministerio comunicara ao Concello resolución ningunha sobre o requirimento formulado, entendese denegado, tendo o Concello o prazo de 2 meses, que rematan o 20 de decembro de 2011, para interpor o pertinente recurso contencioso-administrativo contra a Orde que aprobou o deslinde, para conseguir en vía judicial a redución da servidume de protección de 100 a 20 metros.

E solicitado o correspondente dictame ao asesor xurídico do Concello, sobre a procedencia de interpor ou non dito recurso perante a Audiencia Nacional, emitíuse o dictame con data 16 de novembro de 2011, favorable á interposición do recurso.

Por todo isto, esta alcaldía propón ao Pleno do Concello, en defensa do interese xeral e previo ditame da

comisión informativa municipal de urbanismo, e no seu caso da secretaria do concello, adoptar o correspondente acordo facultando á alcaldía para o exercicio da acción xudicial correspondente, interpoñendo o pertinente recurso contencioso administrativo perante a Audiencia Nacional, antes do 20 de decembro de 2011, a través de calquera dos procuradores que consten no poder xeral de preitos outorgado no seu día e designando ao letrado que defenda ao Concello neste recurso, por considerar que existe base legal suficiente para conseguir a anulación da Orde de 20 de xuño de 2011 que aprobou o deslinde, e conseguir a redución da servidume de protección de 100 a 20 metros nas áreas sinaladas."

A Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 2 de novembro de 2011 acordou adherirse a ditos informes.

Con data 22 de novembro de 2011 incorpórase ao expediente o informe de secretaría:
"INFORME

1. Antecedentes de feito.

– Por acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria realizada con data 27 de setembro de 2011, ó abeiro do establecido no art. 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, ratifica o requerimento previo practicado polo alcalde, de acordo co disposto no art. 44 da Lei 29/1998, de xurisdicción Contencioso-Administrativa, ao Ministerio de Medio Ambiente e do Medio rural e Marino para que proceder á anulación da Orde Ministerial de 20 de xuño de 2011, ditada por delegación, por Resolución da Orden General de Sostenibilidad de la costa y del Mar da mesma data, aprobando o deslinde nº DL-157-Pontevedra que comprende todo o termo municipal de Poio.

– Informe á "Solicitud de certificación sobre a clase de solo que correspondía a determinados terreos á entrada en vigor da Lei 22/1988, de Costas, en relación co expediente de deslinde do DPMT no tramo de costa que vai dende o límite co T.M. De Sanxenxo ata o límite co T.M. de Pontevedra". T.M. Poio de 24 de outubro de 2011, emitido pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

– Informe do asesor xurídico de 9 de novembro de 2011 solicitando da secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a emisión de certificación do silencio positivo producido polo transcurso do prazo de tres meses sen que se teña obtido pronunciamento da administración autonómica.

– Informe da arquitecto municipal de 11 de novembro de 2011 de contestación ao emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras con data 24 de outubro de 2011.

– Informe do asesor xurídico de 16 de novembro de 2011 sobre acordo plenario que faculte ao Alcalde a presentar recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional contraa citada Orde ministerial de 20 de xuño de 2011.

– Proposta do Alcalde de 17 de novembro de 2011 no sentido do ditame emitido polo asesor xurídico.

– Solicitud da Alcaldía de 16 de novembro de 2011 dirixida á secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de emisión de certificación do silencio positivo producido polo transcurso do prazo de tres meses sen que se teña obtido pronunciamento da administración autonómica.

– Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de 22 de novembro de 2011 na que se informa favorablemente a proposta da Alcaldía en orde á interposición de recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Interese xeral

No ditame emitido polo asesor xurídico da corporación en orde a valorar a procedencia do recurso indícase no seu fundamento xurídico segundo:

"SEGUNDO.- En cuanto a la procedencia de interponer el recurso contencioso-administrativo ante la Audiencia Nacional, solicitando la anulación de la Orden ministerial que aprobó el deslinde, con la finalidad de que, pueda conseguirse la redución de la servidumbre de protección de 100 a 20 m, en todas las áreas del termino municipal, que tenían la consideración de suelos urbanos, no solo por estar así clasificados en las Normas Subsidiarias municipales de 1985 y en el Plan General vigente en el año 2000, tal como se proponía en el dictamen de esta asesoría jurídica de 1 de julio de 2010 (y en planos que se adjuntaban al mismo), así como los suelos urbanos que también estaban consolidados por la

edificación en más de las 2/3 partes de las áreas del término municipal de Poio, que se reflejan en el informe y planos confeccionados por la Arquitecto municipal el 4 de febrero de 2011, todo ello por motivos de interés general y de la defensa de la legalidad urbanística y de la jurisprudencia de la Audiencia Nacional, Tribunal Supremo y Tribunal Constitucional, citadas en los dictámenes e informes de esta asesoría que constan en el expediente, y cuya clase de suelo urbano fue aprobada igualmente por silencio positivo de la Xunta de Galicia, según se probó en el dictamen de esta asesoría de 31 de agosto de 2011, y de 9 de noviembre de 2011".

Polo que en primeiro lugar debe considerarse polo órgano competente e realizar, de ser así o caso, pronunciamento sobre o interese xeral presente para o Concello en que se reduza a servidume de protección de 100 a 20 m nos termos do ditame da asesoría xurídica e da proposta realizada pola Alcaldía.

Segundo.- Procedemento e órgano competente.

Segundo o artigo 22.1º.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local (LBRL en adiante) e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, corresponde ao Pleno o exercizo de accións xudiciais e administrativa en materia de competencia plenaria.

Tendo en conta a repercusión que sobre distintas materias e competencia plenaria ten o deslinde do dominio público marítimo-terrestre como pode ser o planeamento xeral (art. 22.1º.c) LBRL) ou a permanencia de tal disposición máis alá do propio mandato corporativo, esta informante considera que tal competencia corresponde ao Pleno.

De conformidade co disposto no art. 47.1º LBRL LBRL, a adopción do acordo requerirá do voto favorable da maioría simple dos membros presentes.

Tal e como se reflicte nos antecedentes de feito, con data 27 de setembro de 2011 ratifícase polo Pleno a Resolución da Alcaldía de 19 de setembro de 2011 polo que se practica o requerimento previo a interposición de recurso contencioso-administrativo na forma prevista no art. 44 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa.

Ne forma prevista no devandito artigo, transcorrido un mes dende a súa interposición sen que se teña resolto e notificado de forma expresa, entenderase desestimado.

En canto ao órgano xurisdiccional ante o que cabe interpoñer o recurso contencioso-administrativo, conforme ao artigo 23 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do goberno, a orde ministerial debe ser considerada como norma regulamentaria e en atención ao artigo 11.1º.a) da Lei 29, 1998, de 13 de xullo, os recursos contencioso-administrativos que contra as mesmas se interpoñan deberán ser coñeciso pola Sala Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional..."

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade de votos dos membros presentes e en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional contra a Orde Ministerial de 20 de xuño de 2011, ditada por delegación mediante Resolución da Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar da mesma data, pola que se aproba o deslinde nº DL-157-Pontevedra que comprende todo o termo municipal de Poio por considerar que existe base legal suficiente para conseguir a anulación da devandita Orde e conseguir a redución da servidume de protección de 100 a 20 metros nas áreas sinaladas no informe do asesor xurídico, facultando ao Alcalde para o exercicio de dita acción xudicial a través de calquera dos procuradores que consten no poder xeral de preitos outorgado no seu día e designando ao letrado que defenda ao Concello neste recurso.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

3610.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE POIO PARA O COMPARTIMENTO DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO SIGAD.- De conformidade co establecido no artigo 82.3º Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a inclusión deste asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha esta queda aprobada por 10 votos a favor (8 do BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra en 7 abstencións do PP, este quedou aprobado.

A continuación, dáse conta do expediente tramitado en virtude do escrito da Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, de data 3 de novembro de 2011 que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 9 de novembro de 2011, número 6071, polo que se remite dúas copias do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Poio para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD que ten por obxecto poñer a disposición deste sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento das funcións que ten encomendadas dentro do sistema galego de atención á dependencia (SIGAD) especialmente en canto á posta a disposición de información do estado de tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, do contido da resolución do Programa individual de atención no que se aproba a modalidade do recurso idóneo e da xestión do programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar competencia municipal; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

Con data 24 de novembro de 2011 xúntase ao expediente informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral do Concello.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria por unanimidade de asistentes, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á subscrición de Convenio de Colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Poio para o compartimento dos sistemas de información do SIGAD, facultado ao Alcalde para a súa sinatura e realización de cantos trámites sexan necesarios en execución do presente acordo.

Segundo: Que se remita este acordo á Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal.

MOCIÓNS URXENTES.- Os que seguen:

3611.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR E GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EN RELACIÓN CO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura de data 9 de novembro de 2011, e que di textualmente: **“MOCIÓN CONXUNTA DOS PARTIDOS SOCIALISTA, BNG-POIO, PARTIDO POPULAR POLO 25 DE NOVEMBRO DE 2011, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Os tres partidos presentes na corporación Municipal de Poio queremos facer un chamamento á reacción colectiva da cidadanía contra a violencia de xénero: non podemos consentir que esta situación siga manténdose e debemos poñer, todos e todas, o noso máis enérxico empeño en romper esta dinámica criminal e en protexer as vítimas. A todas as vítimas.

Neste día, as mulleres e homes queremos mostrar o noso recoñecemento á coraxe e a valentía de tantas mulleres que, día a día, logran superar o medo e as barreiras – psicolóxicas, sociais, familiares, relixiosas... erguidas ao longo de séculos de dominación machista, para rebelarse contra o seu maltratador e levarlo perante a xustiza.

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade, un indicador de que queda moito traballo para acadar unha sociedade igualitaria.

No que vai de ano 58 mulleres, dúas delas galegas, foron asasinadas pola violencia machista, os Xulgados Galegos dictaron 907 ordes de protección e calcúlase que aproximadamente 800.000 nenos e nenas sofren, no seu entorno e con grande intensidade, a violencia de xénero. Estes menores necesitan unha protección especial e o apoio de toda a cidadanía para saír da espiral de violencia que sofren, sufriron ou sufrirán.

Téñense dado pasos relevantes a nivel legal, asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e no que deben implicarse o conxunto dos poderes públicos.

Na pasada lexislatura, en Galicia deuse un paso moi importante neste sentido coa aprobación dunha lei específica para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Por primeira vez, fai un tratamento da violencia de xénero desde unha perspectiva integral.

O ano pasado, o goberno do estado promoveu destinar un orzamento específico para a prevención e protección das vítimas infantís da violencia de xénero e elaborou un Protocolo de actuación para as Comunidades Autónomas, que agora estas deben poñer en marcha de maneira urxente.

Pero non abonda coa protección institucional, por máis que exista e sexa cada vez maior: a denuncia é a única porta para poñer en marcha todo o sistema de protección. Este ano a maioría das mulleres asasinadas non tiñan denunciado aos seus maltratadores e, polo tanto, non puideran ser protexidas. O silencio é o mellor cómplice dos maltratadores porque lles proporciona a total impunidade e unha ampla liberdade para cometer os seus brutais actos. Por iso é tan importante denunciar aos agresores.

Os tres partidos da corporación queremos facer un chamamento á conciencia de toda a cidadanía do noso municipio para mobilizarnos contra os maltratadores, para que non encontren ningún resquicio de impunidade para os seus terribles actos e render homenaxe a todas e todos aqueles cidadáns que antepuxeron incluso a súa integridade física á axuda solidaria ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Coa lealdade e corresponsabilidade de todas as administracións, coa unidade de todas as forzas políticas contra o maltrato que mesmo pode levar á morte, co Poder Xudicial aplicando a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e co esforzo e compromiso de todas e todos os cidadáns conseguiremos erradicar a violencia de xénero.

Polo anteriormente exposto os tres grupos municipais do Concello de Poio presentan a seguinte Moción na Comisión de Cultura do día 9 de novembro de 2011:

Rexeitar calquera tipo de violencia que se exerza contra as mulleres, e moi particularmente a violencia que se exerza contra as mulleres no seo da parella.

Instar á Xunta de Galiza a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento: o Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización e formación da totalidade das e dos profesionais.

Instar o Goberno Central que se exima de tributación as axudas concedidas as vítimas da violencia de xénero.

Instar o Goberno central e ao goberno galego a realizar un estudo socio-criminolóxico sobre violencia de xénero a fin de poñer de manifesto a realidade existente sobre esta terrible problemática, síntoma da realidade aínda machista existente na nosa sociedade.

Solicitar ás administracións, local, autonómica e estatal que sigan traballando para facilitar o acceso das mulleres aos recursos existentes, reforzando actuacións ou poñendo en marcha protocolos de actuación ante novos casos que poidan acontecer.

Solicitar do goberno central que estenda a protección da lei orgánica do 2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero aos e ás menores, por entender que son vítimas, directas ou indirectas, da violencia que se exerce sobre as súas nais, dotando orzamentariamente esta importante modificación de xeito axeitado e suficiente.

Instar ao goberno galego a cumprir os acordos que, sobre protección de menores expostos a entornos de violencia de xénero, foron asumidos polas comunidades autónomas na reunión do Consello Sectorial de Igualdade celebrada en abril de 2010, coa posta en marcha do sistema de protección especializada de menores e de elaboración do Protocolo de atención aos mesmos.”

Visto o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura de data 9 de novembro de 2011 e non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria por unanimidade de asistentes, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a moción presentada nos seus propios termos.

3612.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NA RÚA DA IGREXA (RAXÓ).- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación dos informes emitidos pola Arquitecta Municipal, Asesor Xurídico e Secretaria e que din textualmente:

Informe emitido pola Arquitecta Municipal de 27 de xullo de 2011: “Logo de ver a documentación remitida por Carlos Rosón Gasalla en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela o 11/02/2011 (entrada no Rexistro núm. 733) e o 24/05/2011 (entrada no Rexistro núm. 2913) en relación aos terreos propiedade do Arcebispado situados no contorno da rúa da Igrexa de Raxó, a técnico municipal emite o seguinte informe: ANTECEDENTES

O 11/02/2011, achégase a solicitude de que o Concello proceda á modificación do PXOM para delimitación dun polígono de solo urbano non consolidado (de 15534,00m²) para o seu posterior desenvolvemento mediante un PERI polo sistema de cooperación.

O 24/05/2011 achégase o documento de inicio da modificación puntual do PXOM na rúa da Igrexa de Raxó (1 copia en soporte papel e 1 copia en soporte dixital).

Consta o informe da CMATI de 17/06/2009 en relación á consulta formulada pola secretaria xeral do Concello ao respecto da tramitación do proxecto urbanización dunha rúa de nova apertura no solo clasificado como urbano consolidado no PXOM vixente, no que se indica a procedencia da delimitación dun polígono de solo urbano non consolidado segundo os artigos 112º e 113º da LOUG.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

- A modificación puntual do PXOM debe seguir o procedemento de formulación e tramitación indicados nos artigos 84º e 85º da LOUG (última redacción Lei 2/2010, do 25 de marzo).

- Segundo o artigo 84º.5 da LOUG, o municipio promotor comunicará ao órgano ambiental o acordo da formulación da modificación do PXOM, xunto co documento de inicio ao que se refire o apartado anterior.

- O documento de inicio da modificación puntual do PXOM na rúa da Igrexa de Raxó, contén unha memoria que desenvolve os seguintes apartados:

- Xustificación do documento
- Obxectivos xerais e específicos da modificación proposta
- Obxecto
- Determinacións de carácter xeral
- Determinacións de carácter específico
- Desenvolvemento previsible do eido incluído na modificación do PXOM para a delimitación da unidade de execución urbanística

- Os efectos ambientais
- Efectos previsibles sobre os elementos estratéxicos do territorio, sobre a planificación sectorial implicada, sobre a planificación territorial e sobre as normas aplicables

A documentación gráfica contén planos (1 a 6) e anexo fotográfico.

O documento de inicio cumpre os requisitos esixidos no art. 18º da Lei 9/2006, do 28 de abril.

- A modificación puntual do PXOM ten por obxecto a delimitación dun polígono de solo urbano non consolidado segundo se establece na liña c) da Disposición Transitoria Primeira da LOUG, do réxime de aplicación a municipios con planeamento adaptado, segundo a cal no caso de terreos non incluídos en polígonos e merezan a condición de solo urbano non consolidado segundo a Lei, deberá de procederse á delimitación do polígono de acordo co procedemento establecido polo art. 117º da LOUG.

O eido do polígono é a finca de referencia catastral 0348029NG2904N0001LX, de 15534m2, que é propiedade do Arcebispado de Santiago de Compostela.

- Ao respecto dunha proposta de ordenación, a ordenación remítese á redacción dun plan especial de reforma interior (PERI) que deberá de ter por obxecto as atribucións do art. 70º da LOUG. En dito PERI deberá de concretarse na ordenación, e xustificarse, o cumprimento do art. 46º e do art. 47º da LOUG.

- No apartado 6 da memoria da modificación puntual do PXOM indícase que a actuación proposta ten como obxectivo desenvolver as previsións do PXOM no eido do solo urbano e que non se establece alteración ningunha sobre as normas aplicables que serán, para cada tipo de ordenanza que recolla o PERI, as establecidas no propio PXOM. De aquí se desprende que no PERI respectarase a ordenación proposta no PXOM co obxectivo de completar a trama definida nos planos de usos pormenorizados do solo urbano de Raxó.

- Na modificación puntual do PXOM establécese como sistema de actuación previsto para o desenvolvemento do polígono o sistema de cooperación (art. 127º da LOUG). Segundo este sistema, os propietarios achegan o solo de cesión obrigatoria e a administración executa as obras de urbanización con cargo a estes.

O sistema de actuación deberá de incluírse obrigatoriamente no PERI que conteña a ordenación detallada do solo urbano non consolidado, si ben é susceptible de ser modificado mediante o procedemento do art. 127º.2 da LOUG.

Aos efectos da elección do sistema de cooperación como o sistema de actuación aplicable neste caso, e tendo en conta o art. 127º.1 da LOUG, faise constar que no expediente do proxecto de urbanización do vial de nova apertura consta o escrito de 07/05/2007 asinado polo representante da propiedade de compromiso de asumir os gastos de urbanización dos viais do polígono que se está a delimitar.

INFORME

Polo exposto, informo favorablemente o documento de inicio da modificación puntual do PXOM para a súa remisión ao o órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non á avaliación ambiental estratéxica.”

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello con data 2 de agosto de 2011: “ Visto o expediente de urbanismo de Modificación Puntual do PXOM en Rúa da Igrexa de Raxó, documento de inicio; e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), informo o que segue:

PRIMEIRO.- Con data 24 de maio de 2011 ten entrada neste Concello escrito asinado por D. Carlos Rosón Gasalla, como arquitecto redactor da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, documento de inicio, promovido polo Concello coa finalidade de delimitar un polígono no solo urbano non consolidado de Raxó de 23 de maio de 2011.

SEGUNDO.- Con data 27 de xullo de 2011, a arquitecto municipal emite informe favorable a la aprobación do documento de inicio da modificación puntual do Plan Xeral, para a súa remisión ao órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non á avaliación ambiental estratéxica, debendo previamente, o Concello acordar a formulación da Modificación Puntual do PXOM, para remitir o documento de inicio co correspondente acordo plenario que se adopte á Consellería competente, de conformidade co disposto no artigo 84.5 da LOUGA.

TERCEIRO.- O artigo 84.5 da LOUGA, na súa redacción dada pola Lei 2/2010, establece o procedemento a seguir para a avaliación ambiental e estratéxica, correspondendo ao municipio promotor da modificación puntual comunicar ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio.

Por todo isto, informo que, debe darse conta ao Pleno do Concello do Documento de Inicio, prestando aprobación ao mesmo, por maioría absoluta, previo ditame da comisión informativa de urbanismo, facultando ao Sr. Alcalde para remitir o documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral Calidade e Avaliación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre

avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e remitindo no seu caso ao Concello o Documento de Referencia. ”

E do informe emitido pola secretaria do Concello de 23 de novembro de 2011:

“...

INFORME

1. Antecedentes de feito.

- Convenio urbanístico nº 24 incorporado ao PXOM do Concello de Poio.
- Anteproxecto de modificación puntual ou documento de inicio para os efectos da realización do trámite de avaliación ambiental estratéxica redactado en maio de 2011 por A.D.I.U., S.L.P..
- Informe do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de 17 de xuño de 2009.
- Informe da arquitecto municipal de 27 de xullo de 2011.
- Informe do asesor xurídico de 2 de agosto de 2011.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Clase de solo. Delimitación de polígono de solo urbano non consolidado.

Tendo sido aprobado o PXOM do Concello de Poio con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA en adiante), resulta aplicable o establecido na Disposición Transitoria primeira apartado a) de dita norma, sendo polo tanto necesario verificar, caso por caso, se o ámbito no que se pretende actuar, en atención aos arts. 11 e 12 merece a consideración de solo urbano consolidado ou non consolidado.

A tal tenor responde o Informe do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de 17 de xuño de 2009: "...En consecuencia o ámbito en cuestión é obxecto dunha transformación urbanística que esixe que os terreos nel incluídos deban categorizarse como solo urbano non consolidado, consonte ao disposto no art. 12.b) da LOUG, e para a execución das obras de urbanización e de edificación previstas no ámbito é obrigada a previa aprobación da delimitación do polígono, do instrumento de equidistribución para facer efectivo o cumprimento dos deberes de cesión, urbanización e xusta distribución de beneficios e cargas que comporta a execución do planeamento nesta categoría de solo (art. 115 e seguintes), e do proxecto de urbanización no que se definan as obras de infraestruturas e servizos necesarios (art. 110)...".

En atención ás determinacións recollidas no anteproxecto, a ordenación pormenorizada do ámbito levarase a cabo mediante posterior Plan especial de reforma interior (art. 70 LOUGA).

Segunda.- Alteración do planeamento xeral.

Tendo en conta o obxecto do proxecto presentado a partir do sinalado nos informes técnicos, non concorren os criterios que en función do establecido no art. 93.2º permitan cualificar a alteración a tramitar como revisión do PXOM, expediente que se está a levar a cabo de forma independente polo Concello de Poio, posibilidade prevista e admitida polo art. 94.2º LOUGA aínda que non se ten acadado a fase tan sequera de aprobación inicial.

O art. 93.4º LOUGA remite o procedemento de modificación ás disposicións previstas na propia lei para a tramitación e aprobación do plan xeral.

Conforme ao art. 84.5º LOUGA: "O municipio promotor do plan xeral comunicará ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio ao que se refire o apartado anterior".

Respecto da adopción de acordo plenario de formulación, remítome ás consideracións xa realizadas no informe de secretaría de 20 de novembro de 2011.

Terceira.- Fase de elaboración. Alcalce do informe. Interese xeral.

A partir do contido dos informes técnicos incorporados ao expediente e tendo en conta o disposto no art. 84 LOUGA trataríase dunha fase de mera elaboración, o presente informe limitarase a cuestións meramente procedimentais e de presenza documental, sendo posteriormente, art. 85.1º LOUGA, cando se emita informe xurídico respecto da conformidade da proposta coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxeitada.

Máis a xuízo desta informante existe un límite indispoñible que debe estar presente dende o propio inicio do expediente cal é a xustificación das necesidades de interese público que motivan a alteración do planeamento aprobado, máis alá do cumprimento do convenio urbanístico tendo en conta que os mesmos en caso ningún poden limitar ou condicionar a potestade de ordenación municipal.

Segundo o documento de inicio este ten por obxecto: "DELIMITAR UN ÁMBITO DETERMINADO DEL SUELO URBANO NON CONSOLIDADO DEL NÚCLEO DE RAXÓ CONFORME A LAS DETERMINACIONES DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL PARA SU POSTERIOR DESARROLLO MEDIANTE UN INSTRUMENTO DE PLANEAMIENTO ESPECIAL".

Deberase pronunciar expresamente o pleno sobre o interese público presente en desenvolver dito ámbito no sentido exposto.

En canto os restantes límites establecidos no artigo 94 LOUGA, dado o grado de desenvolvemento documental que presenta o anteproxecto como documento de inicio, deberán ser obxecto de posterior verificación unha vez realizado o trámite previsto no art.84.5º LOUGA.

O ámbito do polígono ven a coincidir coa totalidade da parcela de referencia catastral indicada no informe da arquitecto municipal, máis a fase e previsión documental non permiten fiscalizar o cumprimento dos requisitos contemplados no art. 123 para a delimitación de polígonos.

Cuarta.- Suficiencia documental. Procedemento e órgano competente.

Ao contido do documento refírese o fundamento técnico-xurídico 3 do informe da arquitecto municipal de 27 de xullo de 2011 a cuxa enumeración remítome. En todo caso pronúnciase expresamente sobre a súa suficiencia: "O documento de inicio cumpre os requisitos esixidos no art. 18º da Lei 9/2006, do 28 de abril".

Inclúe ademais especial consideración en canto ao sistema de actuación elixido: cooperación (art. 126.2º.a)1 LOUGA), á obriga de incluír a determinación do sistema de actuación no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada do ámbito, neste caso un PERI (art. 127.2º LOUGA) así como a un posible compromiso sobre a colaboración do propietario do terreo na urbanización. En todo caso esta e as restantes circunstancias que motivan a elección do sistema de actuación (art. 127.1º LOUGA) deberán ser analizadas polo concello para os efectos da súa inclusión ou posterior remisión ao PERI, por non figurar dentro do contido mínimo obrigatorio se o plan non realiza a ordenación detallada do ámbito (art. 55.2º LOUGA).

O anteproxecto de modificación deberá remitirse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para os efectos previstos no artigo 84.5º LOUGA de forma que se verifique a necesidade de someter a presente alteración a avaliación ambiental estratéxica.

Se seguindo o precedente sentado en expedientes previos de alteración do PXOM se adopta acordo expreso de formulación, a adopción de tal acordo corresponderá en atención aos arts. 22 e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, ao Pleno por maioría absoluta do seu número legal de membros, debendo deixar expresa constancia das razóns de interese público que presiden e motivan a modificación do planeamento.

Quinta.- Plan de Ordenación do Litoral.

Con data 24 de febreiro de 2011(DOG nº 37 de 23 de febreiro de 2011) entra en vigor o Plan de Ordenación do Litoral, aprobado mediante o Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas.

Conforme ao seu artigo 3.1º e como regra xeral:

"1. O Plan de Ordenación do Litoral abranguerá o territorio de todos os municipios costeiros relacionados no anexo da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia incluído dentro das vacías vertentes definidas conforme a metodoloxía recollida na memoria e reflectida nas series cartográficas do POL."

No indicado Anexo atópase relacionado o Concello de Poio.

Exclúense expresamente (artigo 3.2) os ámbitos de solo urbano consolidado e solo de núcleo rural delimitados segundo planeamento vixente ou que adquiran tal condición como consecuencia da formulación, modificación ou revisión daquel a salvo ás áreas de solo de núcleo rural incluídas nas de recualificación identificadas no propio POL. A éstos únense os ámbitos de solo afectados por un instrumento de xestión que teña finalizado a súa tramitación no momento de entrada en vigor do Decreto 20/2011.

As súas determinacións serán de directamente aplicables e vinculantes e prevalecerán sobre as previstas no planeamento municipal (artigo 4), sen prexuízo do disposto nas correspondentes disposicións transitorias.

Dito ámbito ten no momento da entrada en vigor do POL o carácter de solo urbano non consolidado, polo que lle resultarán plenamente aplicables ás súas determinacións, e aparece grafiado nos planos do modelo territorial dentro dun área de mellora ambiental.

En atención ao seu artigo 12 para tales áreas "...se fai necesario conservar e, de ser o caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto."

Polo que se ben infórmase favorablemente a remisión á Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas por ser o trámite que procedimentalmente corresponde levar a cabo co documento de inicio presentado para os efectos de obter pronunciamento sobre a necesariamente ou non de someterlo a avaliación ambiental estratéxica, debe o Pleno realizar pronunciamento sobre o interese xeral presente no expediente de modificación do PXOM para dar cobertura a un polígono de solo urbano non consolidado, sen prexuízo do posterior cumprimento doutros límites no sentido exposto no presente informe e da garantía da compatibilidade entre o desenvolvemento urbanístico de tal área e as determinacións do POL."

A Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 29 de novembro por maioría acordou informar favorablemente o documento de inicio e que se pase ó Pleno desta Corporación para que se continúe o trámite da modificación puntual.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención do PP, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros e en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Formular modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para os efectos de delimitar un polígono de solo urbano non consolidado en rúa da Igrexa, Raxó-Poio, prestando aprobación ao documento de inicio redactado por A.D.I.U., S.L.P., en maio de 2011, promovido polo Concello de Poio facultando ao Sr. Alcalde para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral Calidade e Avaliación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e remitindo no seu caso ao Concello o Documento de Referencia.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio

rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

3613.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL ORDENANZAS 1,2,3,4,5 E 6. DOCUMENTO DE INICIO- Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación dos informes emitidos pola Arquitecta Municipal, Asesor Xurídico, Técnica de Aperturas e Secretaria Xeral, que din o que segue:

Informe emitido pola Arquitecto Municipal de data 12 de maio de 2011: "Logo de ver a documentación remitida por AD Plan Arquitectura, Diseño y Planemiento SL o 04/05/2011 (entrada no Rexistro núm. 2502), en relación á modificación puntual das ordenanzas de edificación do PXOM, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

Achéganse tres exemplares en formato papel do documento de inicio da Modificación Puntual das ordenanzas 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do PXOM e unha copia en formato dixital.

FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS

A modificación puntual do PXOM debe seguir o procedemento de formulación e tramitación indicados nos artigos 84º e 85º da LOUG (última redacción Lei 2/2010, do 25 de marzo).

Segundo o artigo 84º.5 da LOUG, o municipio promotor comunicará ao órgano ambiental o acordo da formulación da modificación do PXOM, xunto co documento de inicio ao que se refire o apartado anterior.

En cumprimento do art. 18º da Lei 9/2006, do 28 de abril, o documento de inicio da modificación puntual do PXOM no bordo marítimo de Raxó, contén unha memoria que desenvolve os seguintes apartados:

- Antecedentes
- Obxecto e eido da modificación puntual
- Cumprimento legislativo
- Tramitación
- Alternativas

Contén como anexos, o texto das Ordenanzas 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do PXOM.

A proposta consiste en introducir nas Ordenanzas 1 a 6 da Normativa do PXOM usos que, por omisión, non constan na redacción do PXOM. Estes usos son: sanitario, educativo, socio-cultural, relixioso, deportivo, recreativo e servizos públicos. Sen embargo, a modificación proposta non intervéñen na corrección de definicións de usos (por exemplo, a definición do uso-sociocultural no apartado 5.3.3 da Normativa do PXOM). A este respecto, debe de consultarse á técnico municipal da Unidade de Aperturas sobre a compatibilidade dos usos propostos para cada Ordenanza e a conveniencia de introducir nesta modificación puntual do PXOM a corrección dalgún outro aspecto relacionado coa regulación de usos da Normativa do PXOM.

INFORME: Polo exposto, informo que o documento de inicio da modificación puntual do PXOM pode remitirse ao o órgano ambiental aos efectos da súa decisión de sometelo ou non á avaliación ambiental estratéxica si ben, previamente, debe de informar a técnico de aperturas."

Informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello de 1 de xuño de 2011: "Visto o expediente de urbanismo de Modificación Puntual do PXOM das ordenanzas municipais 1, 2, 3, 4, 5 e 6; e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), informo o que segue:

PRIMEIRO.- Con data 4 de maio de 2011 ten entrada neste Concello escrito asinado por D. Alfredo Díaz Grande, arquitecto en representación de "A.D. PLAN. ARQUITECTURA, DISEÑO E PLANEAMIENTO, S.L.P", o que xunta o proxecto de Modificación Puntual das Ordenanzas de edificación nºs 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do Plan Xeral (doc. de inicio), promovido polo Concello, coa finalidade de regulamentar algúns usos non previstos no Plan Xeral.

SEGUNDO.- Con data 12 de maio de 2011, a arquitecto municipal emite informe favorable ao documento de inicio da modificación puntual que se pretende, para a súa remisión ao órgano ambiental aos efectos da súa decisión de

sometelo ou non a avaliación ambiental estratéxica, debendo previamente, o Concello acordar a formulación da Modificación Puntual do PXOM, para remitir o documento de inicio co correspondente acordo plenario que se adopte á Consellería competente, de conformidade co disposto no artigo 84.5 da LOUGA.

TERCEIRO.- O artigo 84.5 da LOUGA, na súa redacción dada pola Lei 2/2010, establece o procedemento a seguir para a avaliación ambiental e estratéxica, correspondendo ao municipio promotor da modificación puntual comunicar ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio.

Por todo isto, informo que, previo informe da técnica municipal da unidade de aperturas e ditame da comisión informativa de urbanismo, debe darse conta ao Pleno do Concello do Documento, prestando aprobación ao mesmo, por maioría absoluta, facultando ao Sr. Alcalde para remitir o documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral Calidade e Avaliación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e remitindo no seu caso ao Concello o Documento de Referencia.”

Informe emitido pola Técnica da Unidade de Aperturas: “ En relación á modificación puntual das ordenanzas de edificación do PXOM, con respecto os usos , vista a documentación presentada por D Plan Arquitectura, Diseño y Planemiento SL **“Proxecto de modificación puntual de las Ordenanzas de Edificación del Plan xeral de Ordenación Municipal del Concello de Poio “** a técnica municipal emite o seguinte: **INFORME:**

O obxecto da modificación puntual é completar os usos establecidos, nas Ordenanzas do PXOM, en concreto nas ordenanzas 1,2,3,4,5,6, co uso: sanitario, educativo, socio-cultural, relixioso, deportivo, recreativo e servizos públicos. A modificación é necesaria dado as novas necesidades e o tempo transcorrido dende a aprobación do PXOM de Poio. Ademais de ampliar os usos , haberá que concretar a súa definición. Compatibilizar mais usos. En algunhas ordenanzas debería poñerse un uso mixto que **englobara e compatibilizara usos industriais con usos comerciais e terciarios, actividades industriais da categoría 1ª e 2ª , así se contemplarían : talleres ,laboratorios, pequena industria, venda ao por maior, almacéns** ..Incluír no Sanitario : consultas, Centros fisioterapia , estética ximnasios ,dispensarios ,Centros de recoñecemento (aseguradoras, organismos) etc . Quitar do uso comercial os establecementos públicos . Contemplar no uso educativo , aqueles usos que implique formación , e que necesite instalacións industrial para o seu desenvolvemento p.e dos diversos Centros de Formación de sindicatos , empresas ou centros públicos. .Concretar condicións da súa regulación: clasificación, grupos, aparcamento. Cambiar nalgúns casos as condicións do local pe no comercial : altura , ventilación etc. Dar mais usos as plantas de soto e semisoto . Tamén as características das actividades a instalar (potencia ,ruídos, m2 etc etc) ,especialmente as actividades industriais definidas na categoría 1ª “ ,actividades industriais compatibles con vivenda , na “ categoría 2ª “ ,actividades industriais compatibles con zonas residenciais “ .Na modificación da Ordenanza deberan recollese aquelas actividades industriais que non teñan cabida no futuro Polígono Industrial ,industrial , actividades que non permite o PXOM , (non están contemplados os usos nas ordenanzas , se restinxen por metros ou por potencia)

Estudar a instalación de telefonía móbil persoal e outros servizos de telecomunicacións ”

Informe emitido pola secretaria do Concello de 20 de novembro de 2011:

“...

1. Antecedentes de feito.

– Proxecto de modificación puntual das ordenanzas de edificación do PXOM do Concello de Poio, promovido por esta entidade e redactado por AD PLAN, ARQUITECTURA, DISEÑO Y PLANEAMIENTO, S.L., con data 28 de febreiro de 2005 en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 8 de novembro de 2004.

– Informe de secretaria de 15 de abril de 2005 no que se define como obxecto do procedemento: "...a modificación dos textos das ordenanzas 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 10 da Normativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, cun sentido fundamentalmente aclaratorio e dando resposta a sucesivas consultas efectuadas aos servizos técnicos municipais sobre cuestións que non estaban suficientemente aclaradas no texto orixinal das ordenanzas anteditas e de anexos á memoria nos que aparece a redacción actual das ordenanzas vixentes que se tratan de modificar con este proxecto...".

– Oficio de remisión á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para os efectos da

emisión de informe previo á aprobación inicial, de 19 de abril de 2005, número rexistro de saída 895 de 20 de abril de 2005.

- Informe conxunto da arquitecto e do aparellador municipal de 2 de maio de 2005.
- Informe da técnico da unidade de aperturas de 4 de maio de 2004.
- Informe do enxeñeiro municipal de 13 de maio de 2005.
- Informe do xefe do servizo de urbanismo e inspección territorial en Pontevedra da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 5 de agosto de 2005 de emenda de deficiencias. Dito informe remítese á empresa redactora da modificación puntual con data 16 de setembro de 2005, número rexistro de saída 2089.

- Proxecto de modificación puntual das ordenanzas de edificación do PXOM do Concello de Poio, promovido por esta entidade e redactado por AD PLAN, ARQUITECTURA, DISEÑO Y PLANEAMIENTO, S.L., presentado no Concello con data 4 de maio de 2011.

- Informe da arquitecto municipal de 12 de maio de 2011 comprensivo das actuacións a desenvolver para a súa remisión ao órgano ambiental nos termos do artigo 84 LOUGA, do contido do documentos de inicio en odo á aplicabilidade do establecido no artigo 18 da Lei 9/2006, do 28 de abril e definición do obxecto do proxecto: "...4. A proposta consiste en introducir nas Ordenanzas 1 a 6 da Normativa do PXOM usos que, por omisión, non constan na redacción do PXOM. Estes usos son: sanitario, educativo, socio-cultural, relixioso, deportivo, recreativo e servizos públicos. Sen embargo, a modificación proposta non intervéen na corrección da definición de usos (por exemplo, a definición do uso-sociocultural no apartado 5.3.3 da Normativa do PXOM). A este respecto, debe de consultarse á técnico municipal da Unidade de Aperturas sobre a compatibilidade dos usos propostos para cada Ordenanza e a conveniencia de introducir nesta modificación puntual do PXOM a corrección dalgún outro aspecto relacionado coa regulación de usos da Normativa do PXOM".

- Informe do asesor xurídico da corporación de 1 de xuño de 2011.

- Informe da técnico de Aperturas de 8 de setembro de 2011.

2. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alteración do planeamento xeral: modificación. Procedemento:Acordo de formulación.

Tendo en conta o obxecto do proxecto presentado a partir do sinalado nos informes técnicos, non concorren os criterios que en función do establecido no art. 93.2º permitan cualificar a alteración a tramitar como revisión do PXOM, expediente que se está a levar a cabo de forma independente polo Concello de Poio, posibilidade prevista e admitida polo art. 94.2º LOUGA aínda que non se ten acadado a fase tan sequera de aprobación inicial.

O art. 93.4º LOUGA remite o procedemento de modificación ás disposicións previstas na propia lei para a tramitación e aprobación do plan xeral.

Conforme ao art. 84.5º LOUGA: "O municipio promotor do plan xeral comunicará ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio ao que se refire o apartado anterior".

Indica o informe do asesor xurídico e así obra nos antecedentes doutros expedientes tramitados polo concello tras a redacción sufrida por dito precepto, a necesidade de adoptar acordo de formulación da modificación para sometela á consideración do órgano ambiental.

Esta secretaría considera que cabe interpretar que dito trámite debería anticiparse ao momento de licitar segundo a normativa contractual os traballos de redacción xa que se con "formular" debemos considerar que o concello manifesta a súa intención de facer uso da súa potestade de planeamento, os criterios e finalidade de interese público que ha de presidir as súas determinacións deben de estar xa presentes, no caso de que non sexan os propios técnicos municipais os que redacten o documento de inicio, dende a súa contratación.

Segunda.- Fase de elaboración. Alcalce do informe.

A partir do contido dos informes técnicos incorporados ao expediente e tendo en conta o disposto no art. 84 LOUGA trataríase dunha fase de mera elaboración, o presente informe limitarase a cuestións meramente procedimentais e de presenza documental, sendo posteriormente, art. 85.1º LOUGA, cando se emita informe xurídico respecto da conformidade da proposta coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

Máis a xuízo desta informante existe un límite indispoñible que debe estar presente dende o propio inicio do expediente cal é a xustificación das necesidades de interese público que motivan a alteración do planeamento aprobado.

O informe da arquitecto municipal de 12 de maio de 2011 alude expresamente a dita cuestión na introdución no texto das Ordenanzas 1 a 6 de novos usos non previstos no PXOM.

A tal tenor responde igualmente a memoria do proxecto (apartado 2.)

O informe da técnico da Unidade de Aperturas de 8 de setembro de 2011 respondendo ao plantexado no referido informe da arquitecto municipal xunto coa necesidade xeral de tramitar a modificación "...dado o tempo transcorrido dende a aprobación do PXOM de Poio" eleva á consideración plenaria a esencia de ampliar o contido mesmo do expediente de

forma que "...Ademais de ampliar os usos, haberá que concretar a súa definición. Compatibilizar máis usos en algunhas ordenanzas debería poñerse un usos mixtos que englobaran e compatibilizaran usos comerciais con usos industriais da categoría 1ª e 2ª, así se contemplarían: talleres, laboratorios, pequena industria, venda ao por maior, almacéns..Incluír no Sanitario: consultas, Centros fisioterapia estética ximnasios, dispensarios, Centros de recoñecemento (aseguradoras, organismos) etc. Quitar de usos comercial os establecementos públicos. Contemplar aqueles usos que impliquen formación , e que necesiten instalacións industriais para o seu desenvolvemento p.e. dos diversos Centros de Formación de sindicatos, empresas ou centros públicos. Concretar condicións da súa formulación".

Consideracións xa realizadas no informe de 4 de maio de 2004.

Polo que afectando á razón mesma de interese público que da sentido ao presente expediente, esta informante pon de manifesto a necesidade de pronunciamento expreso sobre a conveniencia de dar cobertura aos problemas plantexados pola técnico da Unidade de Aperturas, reformulando ou ampliando o contido inicial do proxecto de modificación.

Terceiro.- Contido. Exercicio da potestade de planeamento. Límites.

Respecto das deficiencias advertidas no informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Urbanismo de 5 de agosto de 2005 e para os efectos de verificar, entre outros, os requisitos establecidos no artigo 94 LOUGA, a diferenza do que sucedía no proxecto remitido a administración autonómica no ano 2005 e xunto con outros tipo de consideracións a realizar, non se fai referencia ningunha no seu texto:

– Á ordenanza nº 10 reguladora das zonas verdes e espazos libres públicos en orde á emisión de informe pola Comisión superior de Urbanismo de Galicia (art. 94.4º LOUGA).

– En tanto que non se incorpora o novo texto das ordenanzas é imposible verificar se a modificación tende a incrementar a intensidade de uso tal e como se indicaba no devandito informe autonómico (art. 94.3º LOUGA).

– En canto ao solo de núcleo rural cabe realizar dos comentarios: a mesma deficiencia documental non permite fiscalizar se o proxecto adáptase ao establecido no art. 25 LOUGA o que reviste gran importancia pola remisión efectuada ao planeamento polo parágrafo terceiro de dito artigo na definición dos usos compatibles. Non obstante, en abril de 2005 reclamábase pola consellería unha nova redacción da Ordenanza de forma que o seu texto fose conforme có réxime establecido para o solo de núcleo rural na LOUGA. Non obstante e tendo en conta o novo contido da disposición transitoria primeira apartado e) LOUGA, os distintos tipos de SNR contemplados tras a reforma operada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, a reforma a adaptación da Ordenanza 6 implicaría unha auténtica revisión da delimitación e ordenación individualizada dos núcleos rurais existentes polo que considera esta informante que tal proceso debería ser abordado de forma conxunta e por tanto deberá considerarse polo pleno a posibilidade de ou ben iniciar tal proceso ou limitar ou excluír a ordenanza 6 de este procedemento.

Tal e como se anticipou xunto co soporte dixital non obrante no expediente e pese a que se trate dunha fase de mera elaboración, deberíase incluír o novo texto das ordenanzas. No relativo ás alternativas na forma prevista no proxecto, non se comparte tal criterio por canto aínda que corresponda a unha fase máis avanzada, a lexislación sectorial coma poda ser en materias de rúidos se ten gran alcance no estudo da implantación de usos nas diferentes zonas do termos municipal. Hai que lembrar que o propio art. 84.4º LOUGA inclúe dentro das obrigadas determinacións do documento de inicio un estudo da avaliación do seu desenvolvemento previsible e dos seus efectos ambientais.

Cuarto.- Procedemento e órgano competente.

Unha vez corrixidas as deficiencias advertidas no presente informe, deberá remitirse o anteproxecto de modificación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para os efectos previstos no artigo 84.5º LOUGA de forma que se verifique a necesidade de someter a presente alteración a avaliación ambiental estratéxica.

Se seguindo o precedentes sentado en expedientes previos de alteración do PXOM se adopta acordo expreso de formulación, a adopción de tal acordo corresponderá en atención aos arts. 22 e 47.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, ao Pleno por maioría absoluta do seu número legal de membros, debendo deixar expresa constancia das razóns de interese público que presiden e motivan a modificación do planeamento.

En atención ao exposto, debe procederse con carácter previo a adopción de acordo de formulación a corrixir as deficiencias documentais analizadas (nova redacción das ordenanzas, estudo dos efectos ambientais e alternativas e soporte dixital do anteproxecto). Así mesmo, deberá ten en conta o sinalado pola técnico da Unidade de Aperturas na mellor

definición do interese público presente a eficacia do procedemento e da oportunidade de dar cobertura á modificación da Ordenanza 6 para SNR nun proceso máis amplo de revisión e ordenación pormenorizada e individualizada dos distintos núcleos”

A Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 29 de novembro de 2011 acordou informar favorablemente o documento de inicio e que se pase ó Pleno desta Corporación para que se continúe o trámite desta modificación puntual

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade de asistentes, en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Formular modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, Ordenanzas 1, 2, 3, 4, 5 e 6, prestando aprobación ao documento de inicio redactado por ARQUITECTURA, DISEÑO Y PLANEAMIENTO, S.L.P en abril de 2011, promovido polo Concello de Poio , facultando ao Sr. Alcalde para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Secretaría Xeral Calidade e Evaluación Ambiental, para que adopte a decisión que corresponda sobre sometemento ou non da Modificación Puntual que se pretende ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, previsto na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente e remitindo no seu caso ao Concello o Documento de Referencia.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

3614.- MOCIÓN DO BNG E DO PSOE, EN RELACIÓN Á ANULACIÓN DA TARXETA SANITARIA ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS E PERSOAS SEN RECURSOS ECONÓMICOS.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das dúas mocións presentadas polos grupos municipais do BNG e PSOE en relación á anulación da tarxeta sanitaria ás persoas desempregadas e sen recursos económicos.

Ante tal situación e previa intervención do Alcalde para aclarar os termos do debate e votación, os asinantes deciden consensuar unha moción única que responda á exposición de motivos do escrito do grupo municipal do PSOE e aos pronunciamentos da asinada polo grupo municipal do BNG do seguinte xeito: “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: O Goberno da Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade ven de publicar unha orde do 5 de setembro do 2011 na que ten como obxecto o regular e establecer o procedemento para o recoñecemento do dereito ó acceso á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes e das que se encontra en situación de desemprego.

Ase mesmo nesa mesma orde se marcan os requisitos para solicitar asistencia sanitaria aquelas persoas que carecen de recursos económicos suficientes e que nesa orde pasa a denominarse PSR.

Ademais esta orde limita a asistencia sanitaria os inmigrantes de maneira que lles obriga a residir 183 días en Galicia antes de ter dereito a asistencia sanitaria ordinaria.

En calquera dos casos se lles recoñece a todas as persoas afectas, persoas sen recursos e inmigrantes o dereito á asistencia sanitaria urxente e emerxente, pero previo compromiso de pago por escrito.

A Consellería de Sanidade a través da Dirección do Servizo Galego de Saúde remitiu ós centros de Saúde da nosa Comunidade un Protocolo de Actuación para estes casos no que se instaba ós diferentes profesionais de ditos centros a extremar as medidas e cumprir estrictamente con esta orde.

Desta maneira a nosa comunidade converteuse na primeira comunidade de España en publicar unha orde que significa un recorte substancial dos dereitos dos cidadáns en canto a asistencia sanitaria. Tanto na Lei Xeneral de Sanidade do ano 1986, como na Lei de Saúde de Galicia, que se aprobou no ano 2008, sendo presidente da Xunta Emilio Pérez Touriño, se recoñece o dereito a Universalidade da asistencia sanitaria.

Así mesmo, por medio do Real decreto 1088/1989, de 8 de setembro, permitiuse o acceso á asistencia sanitaria pública ós cidadáns sen capacidade para efectuar as cotizacións á Seguridade Social. En concreto, no seu artigo primeiro lles recoñece as prestacións ós españois que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional e carezan de recursos económicos suficientes

A lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, se lles permite o acceso á asistencia sanitaria.

Pola Orden de 13 de novembro de 1989, de desenvolvemento do R.D. 1088/1989, queda establecido que lle corresponde o órgano competente da Comunidade Autónoma na prestación sanitaria cubrir ditas asistencias.

Pois a pesar de toda esta normativa existente a nivel autonómico e estatal o Goberno do Sr. Feijoo foi quen de publicar unha orde que retira a asistencia sanitaria gratuíta ós parados que rematan o seu dereito a prestación de desemprego e as persoas pobres, sen recursos, precisamente nos momentos nos que esta crise mundial esta a afectar a miles de galegos e galegas.

Pero o Goberno Galego non so lles retira este dereito senón que ademais para ser recoñecido de novo o seu dereito a dita asistencia, o Goberno Galego lle esixe uns requisitos e unha serie de documentación, que tal e como recolle a propia orde, fai imposible que a ditas persoas se lles recoñeza de novo o seu dereito nun prazo non inferior a 3-6 meses. Iso sempre e cando podan demostrar a súa situación económica ca documentación requirida porque en caso contrario se lle pode denegar polo Servizo Galego de Saúde dito dereito.

Mentres Galicia publicou esta orde, noutras CCAA, grazas a Convenios firmados entre ditas CCAA e o Ministerio de Traballo, dito recoñecemento é automático.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.

2. Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.

3. Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.”

Comeza a quenda de deliberacións a Sra. Besada Lores argumentando que a moción preséntase pola discriminación e privación de dereitos universais que están a sufrir as persoas desempregadas, como é a asistencia sanitaria.

O Sr. Domínguez Lino di que grazas ao Partido Socialista temos 5 millóns de parados pero a Seguridade Social é competencia do Estado, tal e como se manifesta, na división de competencias entre as administracións. Todos/as teñen garantida a asistencia sanitaria, Galicia adiantase 4 meses ao que van facer outras comunidades autónomas.

É totalmente falso dicir que as persoas desempregadas non van ter asistencia sanitaria.

O Sr. Martínez Blanco manifesta que agora as tarxetas están reactivadas, debido a un erro que casualmente afecta, ás persoas desempregadas.

Rematado o debate, en votación ordinaria e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galiza a:

- Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.

- Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.

- Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.

Segundo: Remitir este acordo á Consellería de Sanidade.

3615.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, EN RELACIÓN A INVESTIMENTOS URXENTES E NECESARIOS PARA O CONCELLO DE POIO.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG en relación á reclamación de execución de diversos investimentos necesarios e urxentes para o Concello de Poio, á que se adhire o grupo municipal do PSOE viva voz, no que tras unha exposición de motivos remata solicitando á Xunta de Galicia a adopción dos seguintes acordos: “Solicitar que nos orzamentos da Xunta para o ano 2012 se consignen créditos suficientes para a cometer os seguintes proxectos:

a) Execución do proxecto de seguridade vial e urbanización dos tramos da PO-308 pendentes de urbanizar cun orzamento de 1.500.000 €.

- b) Dotar unha partida orzamentaria para o saneamento de San Martiño e Rial de 500.000 €.
- c) Consignar crédito para a posta en funcionamento do polígono industrial de Fragamoreira cun orzamento de 19 millóns de euros.
- d) Engadir unha partida orzamentaria de 3000.000 € para acometer a mellora dos Portos de Raxó e Covelo.”

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián explicando que o motivo da presentación da moción ven orixinada por unha serie de investimentos, que son de gran importancia para o concello, e que se plasman nuns proxectos que a Xunta ten que dotar de aplicación presupostaria nos orzamentos do 2012, algúns teñen aplicación pero é insuficiente para a súa posta en funcionamento. O proxecto de seguridade vial da PO308 está redactado solamente hai que dotalo de partida, pero din que non hai cartos, sen embargo para outros concellos (Pontecaldelas, Sanxenxo..) si que hai. Temos que loitar para que estes financiamentos non se perdan.

Ademais, parece inaudito que cando se pide á Xunta un proxecto para este concello, o primeiro que pedides é que se poña o 50%, mediante colaboración do concello.

No Polígono de Fragamoreira houbo un orzamento de 18 millóns de euros co bipartido pero non se executou debido ás trabas que se puxeron pola Deputación Provincial, nunha segunda exposición do instrumento, no que os accesos non eran suficientes, nun primeiro momento si e logo non, unha tomadura de pelo. O polígono non funciona porque o PP teno bloqueado porque a ese polígono deuselle viabilidade coa inauguración da alternativa norte desde o ano 2005.

E o de Portos de Galicia soamente hai que executar porque agora demostrouse que os proxectos estaban feitos.

Nos cremos, defendemos e pedimos á Xunta de Galicia a execución destes proxectos, xa que nos defendemos aos/as veciños/as de Poio, non coma vos, que debedes de pensar que estades na Xunta de Galicia.

A Sra. Besada Lores di que realmente asombran as maneiras do Partido Popular sobre as campañas electorais onde os investimentos ían a ser millonarios, así como 40 millóns de euros, pero a verdade é moi distinta.

É dun cinismo preocupante as súa forma de actuar, xa que antes dicían que era cuestión de peso executar e pedir investimentos para Poio, nos fixémoslo e conseguimos cousas moi importantes que se ven, pero que o xerente dun organismo como é Xestur, non mostre ningunha interese pola execución dun Polígono, que neste momento pode ser moi importante para Poio, é increíble.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o Partido Popular están de acordo en que se executen todas as obras que se plasman na moción e que son importantes para o Concello pero sería bo que todas estas mocións que se presentan por urxencia no Pleno pasasen antes polas comisións informativas para facer un previo estudo.

Queda moi ben dicir que o bipartito aplicou 18 millóns de euros para o Polígono de Fragamoreira, pero a realidade é moi distinta xa que non se invirtiu nada, adquiríronse catro terreos e o resto foi coa Xunta actual, os técnicos reúnen pero non hai acordo. Ao mellor, alguén tería que estar encarcerado. Tamén hai que ver como se deixaron as contas de Xestur.

O Sr. Agís Gómez manifesta que se os proxectos non se axustan á normativa urbanística tal e como evidencian os informes técnicos que se remitiron, polo que habrá que solucionar todas as deficiencias advertidas.

O Sr. Alcalde sinala que a intención do Partido Popular é clara, retrasar o Polígono, antes pedía que se pagaran mais aos veciños agora non piden, antes fixéron unha plataforma que agora non funciona..

O que está claro e que para Poio non hai investimentos, a diferenza de outros concellos como Ponte Caldelas ou Mos.

Solicita o uso da palabra o Sr. Martínez Blanco quen recrimina ao Sr. Moldes Martínez o uso da palabra “encarcerado” que utilizou na súa intervención para referirse ao anterior xerente de Xestur e ante a gravidade da acusación lle insta a que pida disculpas en público.

O Sr. Moldes Martínez respóstalle que non pensa disculparse ante quen e forma reiterada insultan aos membros do seu grupo (e indica o termo “idiotas” e “gilipollas”).

Ante a controversia surdida intervén o Alcalde e indica que cando se nomea a alguén debe estar presente para poder defenderse e se refire ao “calaña” do que está feito o que así acusa.

O Sr. Moldes Martínez solicita que conste en acta as palabras do Alcalde.

O Pleno da Corporación en votación ordinaria e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE) en exercicio das facultades conferidas polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordante da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Solicitar que nos orzamentos da Xunta para o ano 2012 se consignen créditos suficientes para a cometer os seguintes proxectos:

- Execución do proxecto de seguridade vial e urbanización dos tramos da PO-308 pendentes de urbanizar cun orzamento de 1.500.000 €.
- Dotar unha partida orzamentaria para o saneamento de San Martiño e Rial de 500.000 €.
- Consignar crédito para a posta en funcionamento do polígono industrial de Fragamoreira cun orzamento de 19 millóns de euros.
- Engadir unha partida orzamentaria de 3000.000 € para acometer a mellora dos Portos de Raxó e Covelo.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e Consellería de Facenda.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar non presentándose rogo nin pregunta ningunha, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.